


IGADI ANNUAL REPORT 2012-2013

Un mundo varado na crise



INSTITUTO
GALEGO
DE ANÁLISE
E DOCUMENTACIÓN
INTERNACIONAL



IGADI

En Galicia
temos
opinión
do Mundo

www.igadi.org



Un mundo varado na crise



Dirección: Xulio Ríos.

Equipo colaborador: Luciano Concheiro,
Xoán Doldán, Ánxelo Gonzalves Vicente, Xabier
Macías, Roberto Mansilla, Roberto Montoya,
Masashi Oki, Pedro Ramiro, Marcelo J. Reyes,
María Ángela Tous Sansó.

Maquetación: Breogán Xuncal Pereira

ISSN: 1989-9130

Índice

0. Presentación	4
1. As claves de 2012	
1.1 Europa: austeridade e parálise	7
1.2 De Siria á post Primavera árabe	8
1.3 EUA: conxurando o declive	9
1.4 Novas elites no PCCh	11
1.5 Liderados, rumbos e tensións en América Latina	12
2. Perspectivas 2013	
2.1 Conflitos nos mares da China	14
2.2 Alemaña e Europa: Merkel ao desencontro	15
2.3 Israel e Irán: eleccións baixo tensión	16
2.4 Luces e sombras do milagre angolano	18
2.5 As novas apostas exteriores de América Latina: de Asia a Oriente Medio	19
3. Reflexións por áreas xeográficas	
3.1 De volta ao partido de Estado: o México de Peña Nieto e o “fin do mundo”, segundo os maias (<i>Luciano Concheiro</i>)	21
3.2 A Unión Africana, 10 anos de proxecto panafricanista (<i>María Ángela Tous Sansó</i>)	23
3.3 Xapón: Cambio político en 2012 e perspectivas para 2013 (<i>Masashi Oki</i>)	25
3.4 Algunhas crises na Europa. Unha reflexión antes da viraxe de rumbo (<i>Ánxelo Gonzalves Vicente</i>)	27
3.5 O desexo do Ártico. Punto de partida para a disputa da rexión (<i>Marcelo J. Reyes</i>)	31
4. Reflexións transversais	
4.1 Os pobos ábrense paso (<i>Xabier Macías</i>)	34
4.2 O G-20 e os paraísos fiscais (<i>Roberto Montoya</i>)	37
4.3 Pobreza e dilemas da axuda ao desenvolvemento (<i>Pedro Ramiro</i>)	39
4.4 O futuro enerxético do planeta (<i>Xoan Doldán</i>)	41
4.5 Os islamismos fronte á democracia (<i>Roberto Mansilla</i>)	43
Os autores	46

O.

Presentación

Os vaticinios para o ano entrante non poden obviar a persistencia da crise económica global, fenómeno de gran calado que pasenionalmente está a acelerar a transformación da realidade xeoestratéxica mundial, acentuando as transferencias de poder e a irrupción de novos equilibrios.

En efecto, no económico, o ano 2013 será continuidade do precedente, con melloras quizais apenas perceptibles: os países ricos e desenvolvidos seguirán inmersos no estancamento ou case; os países emerxentes, pola contra, poden experimentar novos avances que repercutirán nun reducido alivio das cifras do crecemento global pero sen introducir ao cabo variacións de alcance. En paralelo, a activación de novos fluxos de relación circundando ao mundo desenvolvido, entre países de América Latina e Asia, de África ao Medio Oriente, etcétera, irán conformando unha realidade nova, con dinámicas xenuínas que tarde ou cedo trasladarán o seu impacto ás reticentes e anquilosadas estruturas do sistema económico e financeiro global obrigando a unha actualización das correlacións de forzas. Así mesmo, o incremento das medidas de proteccionismo comercial e económico poderían ter como efecto inmediato unha aceleración dos procesos de integración económica a nivel rexional nos espazos do mundo en desenvolvemento.

O xadrez iraniano

¿Conflicto armado? Á espera dun desenlace, que podería estar próximo, da crise siria, os focos privilexiados de conflito nos remiten especialmente á África do Oeste, con esa guerra en curso pola liberación do Norte de Malí dos seus ocupantes con visos de recuperar a integridade territorial desta república. A segunda fronte, habitualmente máis acompañada, apunta novamente cara Oriente Medio, onde a tensión entre Irán e a alianza Estados Unidos-Israel, empeñados a toda costa en impedir que a república islámica se converta na décima potencia nuclear, aventura un segundo semestre ateigado de perigos. O primeiro dos conflitos indicados achéganos un escenario convulso pero limitado a un entorno rexionalmente ben acoutado. O segundo, pola contra, podería ter consecuencias importantes no mercado do petróleo e sobre o prezo do barril de cru, alén de activar as tensións estratéxicas entre os principais actores do sistema global.

Un terceiro escenario, máis comedido, apunta a Asia-Pacífico, con China no epicentro das tensións con Xapón e varios dos países da ASEAN (Asociación de Nacións do Sueste Asiático, siglas en inglés) por mor dos diferendos territoriais nos mares de China oriental e meridional. O novo liderado chinés, con Xi Jinping á fronte, podería verse tentado de promover xestos dunha maior contundencia para reafirmarse no poder e calibrar a envergadura do compromiso de Washington coas reivindicacións doutros países da zona que agora erguen a súa voz con máis empeño. O aumento das rivalidades entre China e Xapón e tamén con Filipinas ou Vietnam poderían igualmente moderarse dando impulso aos procesos de in-

tegración económica, unha prioridade para todos os países da zona. Esa táctica, a privilexiada por China ata o momento, seica impera á vista do inicio formal de negociacións sobre unha zona libre de comercio en Asia oriental cunha primeira rolda de encontros que se iniciaron en xaneiro e coa probable realización dun cumio sino-xaponés para limar as discrepancias e retomar a senda do diálogo.

Habería que atopar medios e vías para asegurar rumbos seguros de paz e diálogo. Na evolución do máis delicado dos conflitos indicados, o de Irán, podería influír a saída de escena de Mahmud Ahmadinejad que en xuño próximo concluirá o seu segundo e derradeiro mandato, abrindo camiño a unha nova negociación sobre os dereitos e deberes de Irán en materia nuclear e sobre o lugar de Teherán nos esquemas de seguridade dunha rexión que reclama solucións para contenciosos interminables como o palestino que o pasado 29 de novembro recibiu o inequívoco respaldo da ONU para establecer un capítulo novo nese longo camiño iniciado hai sesenta e cinco anos cando outra ONU, moito máis reducida –apenas 57 membros fronte aos 193 actuais– instituíu a partición de Palestina en dous estados. Tel Aviv ten a palabra, se ben acostuma a falar con políticas de feitos consumados que afastan a posibilidade de lograr acordos.

Segundas oportunidades e novos liderados

Segundas oportunidades (de Estados Unidos a Venezuela) e novos liderados (de México a Corea do Sur) vaticinan novas estratexias nacionais en actores significativos do escenario global. O presidente Obama terá

no seu segundo mandato a ocasión de encarar asuntos pendentes, tanto internos como externos. ¿Atreverase a abrir un novo capítulo con Cuba? Pola contra, Peña Nieto simboliza o regreso dun PRI (Partido Revolucionario Institucional) que esperta enormes desconfianzas en amplos sectores da sociedade mexicana. Shinzo Abe, en Tokio, debe encarar a difícil normalización das relacións co xigante chinés. No norte de África, a evolución de Exipto será determinante para completar o diagnóstico da Primavera árabe e testar a conciliación entre democracia e islamismo.

¿E Europa? A amalgama de tensións acumuladas como consecuencia da estratexia deseñada en Bruxelas para saír da crise, apostando sen ambaxes polo sacrificio dun dos seus sinais de identidade mais prezados, o Estado de benestar, augura desencontros importantes coa Alemaña de Ánxela Merkel, principal baluarte dunhas políticas de austeridade que elevan as cifras da pobreza, o desemprego e o desasosiego ata niveis críticos.

Coa UE pendente de si mesma, a relación Estados Unidos-China gañará dimensión global. A competición entre Washington e Pequín afondará os inevitables conflitos de intereses a pesar da paralela importancia dos seus vínculos económicos e o esforzo por sinalar áreas comúns que amortezan a natural pugna entre a potencia establecida, pero en declive, e a ascendente.

A pobreza, á súa sorte

Ás portas de 2015, os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio, concibidos pola ONU en 2000 para propiciar un salto elemental en indicadores básicos da calidade

de vida dos millóns de persoas menos favorecidas, están mais caídos no esquecemento ca nunca. Fóra de axenda, cun G20 instalado na preocupación polo saneamento do sistema financeiro global pero sen arbitrar medidas serias contra paraísos fiscais que seguen gozando dunha excelente saúde ata en Europa, os números gañan importancia fronte as persoas. Semellante tendencia, lonxe de reiterar a ausencia de opcións fronte ao estado e rumbo actual, activará as vagas de contestación en busca dun novo horizonte. Falta fai.

O director

1.

As claves de 2012

1.1 Europa: austeridade e parálise

A obsesiva política de recortes orzamentarios en aras de fomentar unha implacable austeridade fiscal, menoscabando paralelamente a soberanía nacional e diversos e lexítimos dereitos cidadáns, é un factor actualmente dominante na realidade establecida tanto na Unión Europea como na “zona Euro”.

Así e todo, o momento actual revela a profusión de importantes fendas no proceso de integración, en gran parte derivadas da defensa da preservación dun modelo europeo do Estado do benestar claramente contrariado pola persistencia dos excesos do neoliberalismo causante da actual recesión e crise global.

A crise económica está certificando paulatinamente unha grave crise de identidade do modelo europeo de integración e da estabilidade socioeconómica imperante na Europa da posguerra. Parcialmente paralizado o proceso de alargamento (a pesar de que Croacia ingresará na UE en 2013), a Europa política semella supeditada aos designios e á consolidación dunha “troika” de aparente carácter tecnócrata e economicista, erixida como auténtico centro de poder e de toma de decisións impulsada pola elites establecidas no Banco Central Europeo (BCE), amparada polos centros financeiros

mundiais (Banco Mundial e FMI) e liderada por unha Alemaña que impón cada vez mais o seu selo.

Se a UE “oficial” sumiuse no poderío desta “troika” cegamente guiada polas consultoras de prima de riscos, as contestacións cidadáns cara estas políticas de austeridade están impulsando un panorama de tensións, conflitos sociais e eventuais cambios políticos, que terán claras implicacións sobre o tradicional *establishment* europeo e as novas elites e oligarquías emerxentes do modelo neoliberal.

Un caso significativo desta contestación política foi o retorno socialista á presidencia francesa en maio de 2012, co triunfo de François Hollande, así como o ascenso político e electoral dunha nova esquerda a través do partido SYRIZA en Grecia e a aparición de movementos e dinámicas sociais alternativas de diverso signo. Non obstante, no caso galo, e a pesares deste importante cambio político que momentaneamente paralizou a deriva neoconservadora e neoliberal impulsada polo ex presidente Nicolás Sarkozy, contando co apoio da chanceler alemá Ánxela Merkel, o retorno socialista con Hollande mais ben supón un reacomodo do tradicional eixe París-Berlín como motor impulsor da UE.

Doutra banda, é apreciable a persistencia e difícil convivencia dunha Europa de “variadas velocidades”, traducida na existencia de países aparentemente menos afectados pola crise (Suecia, Dinamarca, Holanda, etcétera), con outros sumidos na dinámica dos rescates financeiros (Grecia, Irlanda e Portugal) e con importantes presións cara outros países (España, Italia).

Esta realidade dirime un escenario que ameaza con rebentar o proceso de integra-

ción da UE, alentando indirectamente o ascenso de tendencias políticas alternativas (indignados, “trotskistas”, etcétera) con outras de claro carácter extremista e radical, como é o caso do partido de ultradereita húngaro Jobbik e outros movementos europeos afíns. Paralelamente, a crise e as políticas de austeridade revitalizaron outras opcións políticas tendentes a unha reconfiguración máis equitativa da relación centro-periferia (Escocia, Catalunya, Flandres) así como a reapertura do debate sobre a permanencia ou non na Unión (caso do Reino Unido).

Con estas perspectivas, dificilmente Europa logrará sortear a crise a medio prazo. Se a obsesiva austeridade e a persistencia do poder da “troika” menoscaba os cimentos do modelo económico e social europeo do Estado de benestar así como as respectivas soberanías nacionais, as arelas democráticas e os dereitos cidadás, as derivas sociais e políticas que se están a vivir nos países en crise advirten dunha reacción inevitable que pode quebrar todos os consensos posibles e necesarios, abrindo paso ás incertezas emanadas dunha aparentemente inevitable etapa de conflitos e inestabilidade.

Insistir na inevitabilidade dunha UE sobre as bases actuais, sen un liderado transgresor que aproveite a crise para fortalecer as institucións europeístas pensando na cidadanía e non só nos mercados, conduce á deriva tanto no plano continental como internacional. De persistir na actual vía, non só os líderes estatais dos países en crise, do signo que sexa, serán varridos polas cidadanías naturalmente desconformes senón que a subsistencia da propia UE entendida como esforzo de integración política pode ter os días contados.

1.2 De Siria á post Primavera árabe

O conflito sirio, que estourou a carón da Primavera árabe en febreiro de 2011, centrou a maior parte da atención en Oriente Próximo e o mundo árabe e islámico durante o ano 2012. Este conflito deixou máis de 50.000 civís mortos, contando cunha evidente intervención de actores externos (Turquía, Arabia Saudita, Catar, EUA, Rusia, Israel) que, con toda probabilidade, influirá decisivamente na definición da balanza de confrontación armada entre as forzas leais ao réxime de Bashar al Asad e o heteroxéneo Exército de Liberación de Siria (ELS).

Alén do drama sirio e das súas perigosas repercusións rexionais especialmente no caso libanés, o escenario 2012 certificou a nova etapa da “post-Primavera árabe”, manifestada na subseguinte reacción por parte das elites no poder (con apoio externo, principalmente occidental) á hora de “domesticar” as demandas populares, o avance do islamismo político e o futuro dun proceso revolucionario de apertura democrática que está transformando o mapa político e xeopolítico do mundo árabe e de Oriente Próximo.

Á espera do que suceda co réxime de Bashar en Siria e a diferenza de 2011, durante 2012 non se presenciou ningunha caída de réximes ou líderes árabes, como foron os casos de Ben Alí en Tunisia, Mubarak en Exipto, Gadafi en Libia ou Saleh en Iemen. O único aspecto significativo foi o triunfo electoral da Irmandade Musulmá en Exipto, coa asunción presidencial do seu líder Mohamed Morsi nun conflictivo contexto que reflicte un inestable e perigoso pulso entre as forzas islamitas (incluíndo grupos máis radicais) e os partidos laicos e progresistas que con-

tribuíron á caída de Mubarak. Todo baixo a atenta mirada do poderoso estamento militar e das elites do “*Ancien régime*”, expectantes ante un pulso de poder que pode dar curso a un réxime de “pretorianismo militar” co aval occidental.

No escenario do Magreb, o pulso entre islamitas e laicos está definindo as transicións políticas en Libia, Tunisia e Alxeria, países que celebraron eleccións lexislativas non exenta de conflitos (Libia) así como da reacción das elites no cometido de “tutelar” os impulsos de cambio (Alxeria, Marrocos, Tunisia), coa perspectiva de impulsar reformas cosméticas orientadas a propiciar un “islamismo laico” similar ao modelo turco do partido AKP. Un proceso de “domesticación” que contou coa persuasiva presión de EUA e Europa, preocupados pola inestabilidade e a afectación dos seus intereses na periferia mediterránea.

Esta perspectiva reproducíuse no escenario do Golfo Pérsico (Arabia Saudita, Catar, Emiratos Árabes) e do propio Oriente Medio (Xordania), onde as elites reaccionaron de forma inmediata con reformas cosméticas non exentas de represión (Bahrein), sen menoscabar a posibilidade de reprodución de guerras civís (Iemen). Incluso, o conflito sirio deu paso á revitalización das demandas dun Curdistán independente, un aspecto que modificaría radicalmente o de por si complexo mapa xeopolítico rexional. A cuestión curda pode erixirse nun actor inesperado en 2013, principalmente de producirse a caída do réxime de Bashar que faría aumentar as presións turcas para evitar a eventual creación dunha república independente no Curdistán iraquí e a mais que probable renovación do conflito armado no veciño Curdistán turco.

Mentres se observaba este proceso de “domesticación” da Primavera árabe, a expectación occidental e israelí concentrouse na contención dun Irán fortalecido polo seu programa nuclear. Con todo, a finais de 2012, Palestina logrou o seu recoñecemento como “Estado observador non membro” na ONU, nunha conxuntura na que Israel volvía a lanzar unha cruenta ofensiva militar en Gaza contra o movemento islamita Hamas baixo a atónita indiferenza internacional.

Non obstante, o xesto simbólico de recoñecemento palestino na ONU non semella exercer unha presión inmediata nun Israel cada vez mais preso dos axiomas da dereita mais recalcitrante e con EUA concentrado na crise económica. Os canais de negociación palestino-israelí atópanse atomizados e fragmentados.

1.3 EUA: conxurando o declive

O ano 2012 foi o da reelección presidencial de Barack Obama. Nun contexto de aguda crise económica, os estadounidenses renovaron o seu apoio a unha proposta de continuidade do “cambio” simbolizada nun Obama con menos carisma e enerxía que na elección de 2008. A pesar da súa vitoria, o partido Demócrata perdeu 10 millóns de votantes con respecto ás eleccións anteriores.

Así e todo, este proceso electoral e a dinámica dos acontecementos internacionais confirman porque EUA é un país de inesperados contrastes, que está cambiando sociolóxicamente e politicamente ao tempo que experimenta un paulatino declive da súa hexemonía global. Estes cambios aínda non son perceptibles de todo no eido político pero as súas arelas están

convertendo o país nunha sociedade moito mais complexa, polarizada, dividida e, nalgúns aspectos, incluso irrecoñecible.

No seu segundo e derradeiro período presidencial, Obama volverá encarar a peor recesión económica desde o “crack” de 1929, cun desemprego do 8% (demasiado elevado para os parámetros estadounidenses) e a certificación dunha bicefalia no poder, cun goberno e Senado dominado polos demócratas en un Congreso con maioría republicana. Este aspecto é sumamente relevante ante a imperiosa necesidade de alcanzar un pacto político legislativo que permita aprobar un novo rescate financeiro que despexe as ameazas dunha eventual bancarrota das finanzas públicas.

Por tanto, ábrese unha etapa onde o pragmatismo e a eventualidade de pactos políticos entre unha presidencia demócrata e un Congreso republicano resultará imprescindible para non ofrecer a sensación de ingobernabilidade, de desgaste institucional e de parálise política, principalmente en temas sensibles como o rescate económico e a reforma sanitaria. Non se debe pasar por alto que en 2013, o Congreso deberá aprobar un recorte de US\$ 800 billóns en gasto público, afectando principalmente ao orzamento do Pentágono, e eventualmente aprobar un imposto alternativo máis elevado para 26 millóns de cidadás de clase media.

Pero as eleccións 2012 e o “efecto Obama” simbolizaron o cambio que está acontecendo en EUA, en particular ante o avance dun voto plural e complexo, mobilizado polo factor racial (hispanos e afroamericanos), de clase social, urbana e profesional, así como dunha especie de “proletarización do voto”, conformada por clases populares asalariadas

de maioría inmigrante; e incluso por aspectos de condición sexual (feminina e gai).

Mentres os cambios políticos en EUA amosan a eventual configuración dunha especie de “socialdemocracia á americana”, os republicanos seguen homoxeneizando o voto das clases rurais, das capas sociais fortemente relixiosas e dun cordón de idade superior aos 50 anos, unha perspectiva que pode segmentar e marxinar politicamente aos republicanos de cara a futuros procesos electorais.

Por outra banda, a política exterior, fóra da atención durante a campaña electoral, certifica ese cambio que está acontecendo no EUA de Obama, asumindo a existencia dun mundo multilateral e multipolar, con novos actores emerxentes (China, India ou Brasil) e cunha nova concepción estratéxica, orientada cara Asia-Pacífico en detrimento do “mundo atlantista e occidentalizado” (Europa, Rusia, América Latina e incluso Oriente Próximo). Obama abordará igualmente a etapa de “retirada militar” (Iraq, Afganistán) que permita reconducir recursos financeiros, a fin de saír da recesión e da crise.

Se ben non semella que Obama vaia centrar a orientación da súa política exterior na bipolarización (eventualmente con China) e na aposta pola unilateralidade en aras de preservar unha hexemonía estadounidense paulatinamente en declive, a *realpolitik* dos intereses de seguridade nacional de Washington seguirán imprimindo o seu principal trazo. Isto alenta contrastes e diverxencias sobre a política exterior estadounidense, onde a súa credibilidade pode verse aínda mais deslexitimada e contestada. Por citar algúns exemplos, apenas se albiscan cambios con respecto a Israel, o mundo árabe, Irán, Cuba ou os dereitos humanos, en particular

ante o incumprimento do peche do cárcere de Guantánamo.

1.4 Novas elites no PCCh

A celebración en novembro de 2012 do XVIII Congreso do Partido Comunista Chinés (PCCh) significou a finalización da “era Hu Jintao” iniciada en 2002 e a asunción do relevo por unha nova dirección, comunmente denominada “a quinta xeración” de líderes do PCCh, nun momento estelar para o xigante asiático, actualmente a segunda potencia económica global tras EUA.

Nesta nova dirección, Xi Jinping acréditase como sucesor e herdeiro do legado dun Hu Jintao que fortaleceu a presenza exterior de Pequín nesta última década, consolidando ao mesmo tempo a ascendencia económica chinesa como segunda potencia global, como membro permanente na OMC (tralo seu ingreso en 2002) e como actor emerxente en diversos foros (BRICS, Organización de Cooperación de Xangai, etcétera.)

Tendo en conta os seus perfís políticos e as súas respectivas idades, o novo equipo dirixente do PCCh, onde destacan ademais do mencionado Xi Jinping outros líderes como Li Keqiang, futuro primeiro ministro, semella constituír un equipo de transición, cun horizonte de vixencia limitado ata 2017 cando un novo congreso dirima outro cambio xeracional e de elites de poder, coa única subsistencia inicialmente asegurada dos dous citados.

A tarefa principal de Xi Jinping e do seu equipo estará centrada na aplicación dun amplo programa de reformas, moi viradas para a economía e as transformacións estruturais que garantan unha nova onda de crecemento.

Por outra banda, deberá dar resposta ás crecentes demandas dunha maior xustiza social, de superación das desigualdades e os desequilibrios que pesan como lousas sobre o xigante chinés. No eido ambiental ou tecnolóxico son considerables os imperativos e esixencias que cumprirá encarar sen demora. No político, a democracia interna e a xeralización de fórmulas consultivas coa cidadanía figuran na axenda se ben puideran non ser suficientes para contrarrestar as reclamacións de maior transparencia e maior participación pública. Na acción exterior, o maior reto sitúase na definición dun novo equilibrio entre a aposta polo desenvolvemento pacífico e a necesidade de activar unha diplomacia acorde cunha realidade marcada polo crecemento do seu poder e o subseguente espertar de reservas entre os seus veciños, temores que tentan calmar secundando o regreso de EUA á zona. O PCCh encara un momento da reforma difícil afectado dunha perda de credibilidade que ten na corrupción unha das causas esenciais.

Estas e outras variables gravitarán nos consensos e equilibrios de poder existentes no actual liderado do PCCh, firmemente comprometido coa continuidade da reforma iniciada en 1978, con independencia da adscripción singular a un ou outro clan ou facción. Con todo, a magnitude dos desafíos citados pode dar pe, caso de non achar as solucións mais adecuadas, a un agravamento das tensións, hoxe solapadas por un compromiso coa estabilidade e a enésima invocación dunha modernización chamada a garantir esa prosperidade común que reclama a cidadanía a un PCCh afeito a prometela pero non a cumprila.

Medindo estes consensos e propiciando o pragmatismo, a nova dirección chinesa

estará igualmente condicionada por unha conxuntura na que converxen unha serie de factores internos (inevitabilidade das reformas) e externos (ascenso chinés a nivel global, crise económica mundial). No centro de atención estará a remodelación dun modelo de desenvolvemento que se arbitra como única resposta posible ás inevitables complexidades emanadas dunha sociedade cada vez mais consciente de si mesma e do seu poder, con maior conciencia cívica e ambiental, polarizada pola realidade urbana e rural e polas desigualdades socioeconómicas.

1.5 Liderados, rumbos e tensións en América Latina

A aposta pola integración plenamente autóctona (CELAC, UNASUR, MERCOSUR) e por unha mais decidida inserción latinoamericana nos foros internacionais (con especial incidencia no peso emerxente de Brasil) definiu a andaina dos asuntos latinoamericanos en 2012. Acontecementos non exentos de tensións internas en diversos países (Paraguay, Arxentina, Venezuela) que a curto e medio prazo poden identificar novos pulsos e confrontacións determinados pola reacción das elites ante os cambios progresistas e cara a esquerda rexistrados na pasada década.

Segundo datos da Comisión Económica para América Latina (CEPAL), o continente creceu economicamente arredor do 3,3% en 2012 (4,3% en 2011), tendencia que se manterá levemente no presente ano. No aspecto económico, América Latina está alcanzando óptimos resultados de cara a superar os efectos da recesión económica global. Países como Brasil, Arxentina, México, Perú e Co-

lombia lideran esta tendencia cara o crecemento.

Este aumento da confianza económica repercute na viabilidade e consolidación dos procesos de integración rexional. A finais de 2011 creouse en Caracas (Venezuela) a Comunidade de Estados de América Latina e do Caribe (CELAC), un novo actor de integración hemisférico plenamente latinoamericano e sen a presenza de EUA e Canadá. Ampliando esta perspectiva, a Unión de Nacións Sudamericanas (UNASUR) segue a consolidar a súa andaina ao tempo que o MERCOSUR revitalizouse a mediados de 2012 co ingreso de Venezuela e a apertura de negociacións de ampliación cara Ecuador e Bolivia.

No marco político, e a pesar da contundente reelección presidencial de Hugo Chávez en Venezuela, o seu estado de saúde abre a perspectiva dunha transición dentro do chavismo, oficializada recentemente coa designación do vicepresidente Nicolás Maduro como o seu eventual sucesor. Unha posible Venezuela sen Chávez ao mando durante o próximo período presidencial 2013-2019 será un escenario estratéxico a ter en conta na evolución política hemisférica. Un aspecto que terá especial incidencia en Cuba, aliado estratéxico venezolano, sumida no impulso das reformas económicas e sociais promovidas polo goberno de Raúl Castro. O que suceda en Venezuela e Cuba influirá igualmente no futuro da ALBA como modelo de integración rexional.

Noutros contextos, Colombia insírese nun prolongado (e non menos incerto) proceso de paz coa guerrilla das FARC; México inaugura unha nova etapa co retorno ao poder dun PRI igualmente hexemónico pero con notables desafíos (corrupción, guerra contra

o narcotráfico); e a fragilidade haitiana repercute nunha crise humanitaria cada vez mais esquecida pola comunidade internacional.

Pero as tensións políticas en Paraguai trala destitución vía lexislativa do ex presidente Fernando Lugo, abren a perspectiva dun freo conservador, amparado en mecanismos legais e constitucionais, de diversas elites políticas e económicas contra os cambios progresistas auspiciados na rexión e que veñen marcando a principal tendencia dos anos precedentes.

Este escenario de tensión pode revitalizarse de cara aos comicios presidenciais paraguaios previstos para abril de 2013, onde Lugo pretende presentar de novo a súa candidatura, e incluso dentro do escenario argentino, ante a recente vaga de protestas sociais de clara intencionalidade política contra a presidenta Cristina Fernández de Kirchner. Pola súa banda, o marco andino igualmente dirime un momento electoral: eleccións presidenciais en Ecuador (febreiro de 2013), co seu presidente Rafael Correa postulándose á reelección; e configuracións políticas preelectorais en Bolivia (presidenciais 2015) e Perú (2016).

Neste mapa hemisférico, Brasil segue a erixirse como a indiscutible potencia emergente latinoamericana nun contexto igualmente centrado na preservación do seu bo momento económico, do seu ascendente peso internacional (BRICS, IBSA) e dos investimentos e infraestruturas que recibirá o país ante os próximos eventos deportivos (Mundial 2014 e Xogos Olímpicos 2016). Pero as tensións internas labradas nos procesos xudiciais por corrupción no seo do gobernante Partido dos Traballadores (PT) e a eventual reorganización de novas forzas políticas,

exercerán unha forte influencia sobre o goberno de Dilma Rousseff, coa mira posta na súa eventual reelección presidencial en 2014.

2.

Perspectivas 2013

2.1 Conflitos nos mares da China

As reivindicacións de soberanía e o peso xeopolítico de Pequín de cara aos contenciosos nos mares de China oriental e meridional e o incremento da atención estratéxica de Washington cara Asia-Pacífico (en detrimento do mundo atlántico) como escenario prioritario en materia de política exterior e de seguridade, son factores que reflicten unha notoria bipolarización entre China e EUA, manifestado a través de diversos pulsos e pugna de intereses nesta zona.

Estes diferendos están igualmente condicionados pola importancia estratéxica desta zona en materia de reservas de gas natural e petróleo (calcúlanse nun 30% das reservas actuais de hidrocarburos), así como de recursos pesqueiros. Outros actores como Xapón, Taiwán, Indonesia ou Vietnam, exhiben similares reivindicacións de carácter soberanista sobre estas augas, así como intereses polos seus recursos enerxéticos e pesqueiros, ao abeiro da delimitación das plataformas continentais conforme ás previsións do dereito do mar.

As controversias en torno aos mares da China e a fragilidade da arquitectura de seguridade en Asia-Pacífico pode derivar nun aumento das tensións a medio prazo, en especial se o ascenso dunha nova elite dirixente en Pequín trala recente celebración do

XVIII Congreso do Partido Comunista chinés (PCCh) significa un abandono paulatino da súa posición tradicional: aprazamento da controversia pola soberanía e explotación conxunta dos recursos. Igualmente, se o interese de EUA na rexión da azos ás reclamacións de Xapón e dos países da ASEAN co fin de conter e cercar a China. Por tanto, esta área xeográfica pode constituírse nun dos escenarios mais explosivos nos próximos anos e determinante para decantar os trazos esenciais da relación futura entre China e EUA.

Non se debe ignorar que, para Pequín, esta franxa situada nos mares de China oriental e meridional corresponde historicamente á súa área defensiva máis debilitada, factor que precisa reconducir potenciando unha posición militarmente mais explícita a favor das súas reivindicacións. Conta para iso non só cos recursos dunha economía en ascenso e cunha armada e forzas aéreas n pleno proceso de expansión, senón igualmente cunha sociedade que reclama ao PCCh coherencia e decisión, unha expresión de nacionalismo que ten a súa orixe nunhas dolorosas humillacións históricas que ambiciona superar.

Os conflitos nos mares de China implican cinco grandes áreas: a) as tensións soberanistas entre China e Taiwán, parcialmente superadas polo diálogo bilateral iniciado a partir de 2005 entre PCCh e KMT; b) a disputa polas illas Natuna, situadas ao Sur das illas Spratley, que confrontan a China e Indonesia, de baixa intensidade; c) a disputa polas illas Paracel (Xisha en chinés), entre China, Taiwán e Vietnam, potencialmente de media intensidade á vista das violentas accións rexistradas no pasado; d) a disputa polas illas

Diaoyu (Senkaku para Xapón), que enfronta a China e Taiwán con Xapón, que exerce a soberanía *de facto*; e) a disputa polas illas Spratley (Nansha para China), a de maior complexidade porque involucra a China, Vietnam e Taiwán e parcialmente a Malaisia e Filipinas.

É de salientar que Pequín rexeita a internacionalización destes conflitos, desestimando a mediación internacional, apostando á súa vez polas negociacións bilaterais como método de solución das controversias. Paralelamente, o proceso de modernización militar levado a cabo por China nas últimas décadas implicaría un factor disuasivo que non goza de credibilidade xeral. Antes de 2020, Pequín converteríase na segunda potencia marítima nos mares de China oriental e meridional, precisamente por detrás de Washington. Este factor explicaría igualmente a potenciación dun elevado gasto militar en Asia-Pacífico (principalmente entre China, India, Corea do Sur, Vietnam e Filipinas), así como do ascendente despregue militar estadounidense nesta zona, igualmente concibido como evidente factor disuasivo orientado a contrarrestar a competencia chinesa.

A certificación dunha rivalidade bipolar entre China e EUA, amparado este no seu dereito a preservar a liberdade de navegación na zona, intensifica a posibilidade de alteración do equilibrio político, militar e económico, obrigando a un decantamento das respectivas posicións dos países da ASEAN, imposibilitados de evitar a elección entre os imperativos da vocación económica e as esixencias da seguridade. Precisamente, o temor dos países asiáticos ante o imparabile ascenso chinés evidenciaría un maior aliñamento xeopolítico e militar con Washington.

2.2 Alemaña e Europa: Merkel ao desencontro

Alemaña, motor económico e político da Unión Europea, celebrará eleccións federais en setembro de 2013 nun contexto europeo determinado pola recesión económica. Con este panorama, Ánxela Merkel, auténtica líder alemá e europea desde a súa chegada ao poder en Berlín en 2005, concorre a unha nova reelección para un período de catro anos nunha conxuntura na que a crise económica e as políticas de austeridade están impulsando reaccións de contestación en diversos países europeos.

Precisamente, o contexto político e electoral 2013 evidenciará un escenario no que debe dilucidarse en qué forma Europa pode estar abrindo o curso dunha confrontación política e social entre diversas forzas e como este escenario afectaría ou incluso contribuiría a un eventual proceso de implosión dentro da UE. Esta confrontación de forzas estaría visiblemente asociada, por unha banda, a aquelas defensoras das medidas de axuste e austeridade como única saída da crise e, por outra, aquelas abertamente contestatarias, temerosas dunha certificación do remate do estado social do benestar vixente na Europa da posguerra e o reforzamento de novas elites políticas, burocráticas e financeiras.

Tras coñecer que o socialdemócrata Peer Steinbrück (SPD) será o seu principal rival electoral nos comicios 2013, Merkel proxecta as súas bazas electorais convencida de que a súa popularidade e o bo desempeño económico poden asegurarlle a reelección. Caso contrario, ampararíase na eventual concreción de pactos políticos (principalmente cos liberais do FPD) coa intención de evitar un

regreso socialdemócrata, como ocorreu en Francia con François Hollande nos comicios 2012.

Así e todo, e mentres as perspectivas de crecemento económico para Alemaña en 2013 mantéñense sólidas (1,3% segundo o FMI), afianzando o favoritismo electoral de Merkel, a chanceler xermana deberá xestionar diversas contestacións e reaccións dentro do contexto europeo, en especial polas súas medidas económicas e ante a evidente preponderancia de Berlín como centro de poder dentro da UE.

Se ben as eleccións alemás moi probablemente coparán a atención política europea neste ano, outros países ameazados pola crise como Italia celebrarán igualmente eleccións parlamentarias adiantadas para febreiro próximo. Segundo as perspectivas 2013 do FMI, a economía italiana afronta un escenario de recesión, calculada nun 0,3% do seu PIB, e baixo a constante presión das consultoras de prima de risco e da eventualidade dun rescate financeiro por parte da “troika”.

No inquietante panorama electoral italiano, a centrosquerda deberá confrontarse co retorno á area política dun ex primeiro ministro Silvio Berlusconi abandeirado dunha opción populista, ultradereitista e antieuropea á espreita do proceso xudicial na súa contra.

Xunto ás eleccións alemás e italianas, a atención europea estará igualmente centrada na interminable crise de Grecia, cunha economía absolutamente supeditada á “troika” e politicamente polarizada polo ascenso de opcións alternativas dende a esquerda (Syriza) e doutras mais extremistas da ultradereita (Amencer Dourado). Outras economías en risco como España serán motivo de preocupa-

ción para Bruxelas e Berlín, en especial tendo en conta as perspectivas de agravamento da recesión e da eventual caída do seu PIB, estimado nun 1,5% en 2013 segundo o FMI.

A actualidade europea estará igualmente pendente do proceso de ampliación da UE. En xullo próximo ingresará Croacia como novo membro. Paralelamente, o remate do período 2007-2013 de fondos de cohesión da Comisión Europea implicará a introdución de cambios conceptuais, marcados pola preponderancia da austeridade financeira para o próximo período 2014-2020.

Berlín parece asumir con naturalidade un escenario onde a UE pode estar diluíndose nun proceso de “dúas velocidades”, a primeira visiblemente liderada por Alemaña, Francia e o Norte de Europa, e a outra conformada polos países da ribeira sur mediterránea e de Europa central e oriental, supeditados aos ditames de Berlín e Bruxelas. Un mapa claramente de centro-periferia que ameaza con espallar confrontacións, inesperados contrastes e serias hipotecas para o futuro do proxecto europeísta.

2.3 Israel e Irán: eleccións baixo tensión

A mais que probable intensificación do pulso xeopolítico entre Israel e Irán terá especial incidencia durante 2013. A comezos de ano, o 22 de xaneiro, Israel celebrou eleccións parlamentarias resoltas coa eventual hexemonía política da coalición ultradereitista entre o primeiro ministro Binyamin Netanyahu (partido Likud) e o seu chanceler Avigdor Lieberman (Yisrael Beiteinu), claramente partidario de atacar militarmente a Teherán.

Paralelamente, en xuño de 2013, Irán afrontará unhas eleccións presidenciais que rematarán coa “era Ahmadineyad” iniciada en 2005 sen que isto signifique un cambio político substancial. As actuais elites en Teherán, claramente en mans do aiatolá Alí Jamenei e da cada vez mais poderosa Garda Republicana Islámica, probablemente verán prolongada a súa hexemonía.

As tensións entre Tel Aviv e Teherán ven-se complementadas pola presión de EUA e da Asociación Internacional de Enerxía Atómica (AIEA) por conter o avance do programa atómico de Teherán; o temor israelí de ver contrarrestada a súa supremacía nuclear e xeopolítica en Oriente Próximo a favor de Irán; e as vicisitudes e incertezas derivadas dunha Primavera árabe inserida agora nunha nova fase.

Non obstante, e a diferenza de anos anteriores, esta conxuntura pode implicar cambios substanciais (e non menos dramáticos) neste pulso entre Irán, EUA e Israel. A prolongación de negociacións interminables (moitas delas infrutuosas) entre Teherán e a AIEA, así como a presunción cada vez maior en Washington e Tel Aviv de ter que “convivir” cun Irán convertido en potencia nuclear, son factores que “tensan a corda”.

Esta tensión pode ir en ascenso ante a evidencia dun Barack Obama cada vez máis condicionado pola supremacía republicana no Congreso estadounidense, notoriamente favorable a conter ou atacar a Teherán, así como polo reforzamento da coalición ultradereitista nun Israel cada vez mais persuadido da idoneidade de “actuar pola súa conta”, diminuindo así a dependencia da súa tradicional alianza con Washington.

No caso iraniano, o programa nuclear non só é un asunto de seguridade nacional

senón a baza política mais importante para a perpetuación do poder das elites teocráticas e militares predominantes en Teherán, en especial da Garda Republicana Islámica. Este factor terá evidentes repercusións nos próximos comicios presidenciais e na asunción do novo goberno, igualmente condicionado pola preponderancia dun sistema oficialmente teocrático pero esencialmente de natureza “pretoriana”.

Con todo, os efectos das sancións económicas e enerxéticas por parte da AIEA contra Irán, en especial no apartado da diminución das exportacións petroleiras iranianas cara Occidente e Asia, son factores que igualmente afectarán o nivel de vida dos iranianos, toda vez o panorama rexional tende a complicar a súa situación xeopolítica.

Así, Teherán deberá calcular con prudencia en qué medida lle afectaría a eventual caída dun aliado rexional como é o réxime sirio de Bashar al Assad, así como o paulatino distanciamento de recentes e inesperados aliados (Turquía) e as tensións manifestadas entre o estamento militar e un goberno islamita en Exipto, entre outros casos pola pretensión do movemento islamita exipcio de propiciar un achegamento diplomático e comercial con Teherán.

Resta por saber ata qué punto Obama seguirá apostando polas negociacións con Teherán vía AIEA. A presión exterior dos “falcóns” en EUA e Israel contra Teherán, ampliada no contexto árabe a través doutros actores como Arabia Saudita e Catar, estará claramente orientada a desestabilizar o réxime iraniano. Escenarios convulsos e fluídos que, a todas luces, non reducen a posibilidade de activación dunha opción militar, occidental ou israelí, contra Irán.

2.4 Luces e sombras do milagre angolano

Considerado como unha das “estrelas” económicas a escala africana, resulta palpable que o denominado “milagre angolano” achega unha serie de contrastes, en gran medida motivados pola transición política democrática acaecida trala finalización da súa prolongada guerra civil (1975-2002); a potencialidade que lle confire a Angola ser o segundo maior produtor africano de petróleo tras Nixeria (con 1,6 millóns de barrís diarios); e o feito de converterse nun importante receptor de investimentos por parte dunha potencia ascendente como China, principalmente nos sectores enerxético, inmobiliario e de infraestruturas.

Diversos analistas consideran que Angola padece o denominado “mal holandés”, explicado polo feito de converterse nun país atractivo para os investimentos exteriores (por mor da súa riqueza petroleira e mineral) sen que isto repercuta nunha modificación da súa estrutura socioeconómica a través dunha medianamente equitativa redistribución da riqueza nacional. Segundo o informe do Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD) sobre Índice de Desenvolvemento Humano 2011, Angola ocupa o lugar 148 entre 187 países. A súa esperanza de vida achégase aos 47 anos.

Segundo datos do FMI, o PIB per cápita angolano pasou de US\$ 3.443 en 2007 aos actuais US\$ 5.390, un notable avance que, contrariamente, non soluciona a forte dependencia económica angolana con respecto ao sector petroleiro (41% do seu PIB), manifestado igualmente no peso político da súa compañía estatal Sonagol. Con escasa diver-

sificación económica, Angola segue a padecer altos índices de pobreza extrema (55% da súa poboación segundo o PNUD), notable dependencia da axuda exterior (alfabetización, infraestruturas, etcétera) e elevado custe da vida.

Paralelamente, a omnipotente hexemonía política do gobernante Movemento pela Libertação de Angola (MPLA) e do presidente Eduardo Dos Santos, no poder desde 1979 e reelixido para un novo mandato nas eleccións presidenciais de setembro de 2012, intensifica as acusacións de corrupción e ventaxismo político, principalmente formuladas desde o movemento opositor Unión Nacional pela Independencia Total de Angola (UNITA). Segundo o informe 2012 da axencia Transparencia Internacional, Angola ocupa a posición nº 168 entre 182 países en índices de corrupción. Tendo en conta que o previsible sucesor do presidente Dos Santos semella ser o presidente da compañía Sonagol, Manuel Vicente, o peso do sector petroleiro na vida política do país é igualmente un tema de controversia.

Así e todo, o crecemento económico angolano, estimado nun 10,3% polo FMI en 2012, implica unha oportunidade laboral e de investimentos sumamente relevante para países en crise, como é o caso da súa ex metrópole Portugal. Compañías portuguesas (TAP, RTP, Energías de Portugal, Banco Português de Negocios, etcétera) están intensificando os seus investimentos no país africano. Angola imponse tamén como un socio relevante para países “emerxentes” como China, Brasil e Sudáfrica.

A pesar da pacificación e da súbita prosperidade angolana, non se deben desestimar outros factores conflictivos. O mais relevante

corresponde ao estratéxico enclave de Cabinda, con forte presión secesionista e onde se extrae o 60% do petróleo total angolano. Con acusacións de represión e violación de dereitos humanos, a loita independentista de Cabinda confronta ao goberno angolano coa Frente de Libertação do Enclave de Cabinda (FLEC), organización político-militar de corte independentista que levaalzada en armas desde 1975.

2.5 As novas apostas exteriores de América Latina: de Asia a Oriente Medio

A dinámica de cambios políticos acaecida na última década en América Latina evidencia unha tendencia inquebrantable por crear e reforzar os seus mecanismos autóctonos de integración (UNASUR, MERCOSUR, ALBA, CELAC) ao tempo que traduce unha cada vez maior implicación destes países na conformación dun mundo multipolar e multilateral, superando as vellas hexemonías a través da conformación de bloques de relación e integración con “potencias emerxentes” (BRIC, IBSA, G-22).

Esta realidade implica, tanto para EUA como para Europa, a necesidade de adoptar un enfoque mais plural e aperturista á hora de atender as demandas latinoamericanas. Tendo en conta o emerxente ascenso latinoamericano nas instancias internacionais e o seu prolongado período de crecemento económico, que contrasta coa crise e recesión económica europea, un exemplo notorio do cambio de prioridades estratéxicas foi a celebración en novembro de 2012 do XXII Cumio Iberoamericano en Cádiz (España), onde as

multinacionais latinoamericanas adquiriron un peso notorio á hora de investir en países europeos en crise, como España e Portugal.

Este cambio de orientación xeopolítica explica porqué países como China, Irán, Turquía, Corea do Sur, Sudáfrica ou India, tradicionalmente con escasa presenza no contexto latinoamericano, comezan a intensificar e confeccionar mecanismos de relación e intercambio con países latinoamericanos como Brasil, México, Chile, Venezuela, Colombia ou Arxentina, por citar algúns exemplos.

Desde 2004, China ven afirmándose como o principal socio económico para diversos países latinoamericanos, principalmente en materia enerxética (Venezuela) e comercial (Brasil, Perú, Chile, Arxentina), sen menoscabar as súas tradicionais relacións (antano de corte ideolóxico e político) con países como Cuba.

Ao mesmo tempo, Irán vense erixindo desde 2006 como un relevante socio enerxético, comercial e ata político para países como Venezuela, Bolivia, Ecuador e Nicaragua, enmarcados estes no eixe da ALBA. Outros países como India, Xapón, Corea do Sur, Turquía e Sudáfrica, intensificaron nos últimos anos as súas relacións comerciais con esta rexión, principalmente cara América do Sur.

Desde 2005, a Unión de Nacións do Sur (UNASUR) e a Liga Árabe veñen celebrando con fluidez e regularidade os cumios América do Sur e Países Árabes (ASPA), auténtico foro multilateral centrado nos intercambios económicos e na consecución dun mundo multipolar. Desde 2006 vense igualmente celebrando os cumios América do Sur-África (ASA), baixo a égida da UNASUR e da Unión Africana (UA). Non obstante, a incidencia comercial africana e do mundo árabe (salvo

no sector petrolero) con respecto aos países latinoamericanos, é sensiblemente menor en comparación co ascendente peso do mercado asiático.

No relativo a Asia-Pacífico, países como China, Xapón e Corea do Sur eríxense como socios comerciais de relevancia no contexto latinoamericano. O principal propulsor é China, con acordos de libre comercio (Perú, Costa Rica e Chile) e como socio estratéxico (Brasil, Venezuela e Arxentina), abrindo perspectivas de novos mercados (Colombia, México) e avances en todos os países da rexión, superando a vella hipoteca no relativo ao recoñecemento da soberanía de Taiwán por parte dos países da área. Hoxe xa non supón un obstáculo.

O peso do mercado asiático para América Latina tradúcese nun comercio bilateral que en 2011 alcanzou os US\$ 442.000 millóns, especificamente por parte de China, Xapón, India e Corea do Sur. Na última década, a proporción do comercio asiático dentro das exportacións latinoamericanas pasou do 9 ao 20% do total, e desde 2004, os países asiáticos e latinoamericanos asinaron un total de 13 Tratados de Libre Comercio. Isto contrasta, por exemplo, cos retrasos na firma do TLC entre a Unión Europea e MERCOSUR e o feito de que o mercado europeo actualmente só representa o 11% do comercio exterior latinoamericano.

3.

Reflexións por áreas xeográficas:

3.1 De volta ao partido de Estado: o México de Peña Nieto e o “fin do mundo”, segundo os maias

Luciano Concheiro

Logo dunha elección dominada polos medios de comunicación e o emprego masivo da compra de votos, Enrique Peña Nieto marcou o fin do interregno de dous gobernos do conservador Partido de Acción Nacional (PAN). Trátase sen dúbida da volta do “partido de Estado”, o Partido Revolucionario Institucional (PRI), pero hai que dicilo con marcadas diferenzas: do vello corporativismo queda basicamente a inercia e o control dos traballadores do campo e a cidade, actualmente as vellas estruturas ceden ante un vulgar clientelismo; e o outrora poderoso poder presidencial fincado en bases meta constitucionais, vese diminuído polo poder dos monopolios da comunicación e o non menos poderoso crime organizado (Villamil, 2012; Vázquez, 2012).

Cun agasallo ao novo presidente, unha lei de contrarreforma laboral, outorgado polo Congreso da Unión días antes da toma de posesión, e no medio da sempiterna liturxia do cambio de poderes agregáronse accións determinantes polo “novo” goberno que carga co tufo dun partido que estivo máis de sete décadas no poder: a firma polos tres princi-

pais partidos (PRI, PAN e o Partido da Revolución Democrática -PRD-) dun “Pacto por México” que inclúe cambios nas leis secundarias para permitir, en contra da Constitución, o investimento privado no sector enerxético (especialmente na extracción petroleira); maiores impostos xunto cunha “reforma fiscal integral”; e unha reforma educativa, que segundo se viu, está orientada á privatización, tocando tanxencialmente ao maior sindicato corporativo do país.

Como xa sabemos, o “fin do mundo” anunciado polos maias non é máis que a volta a un ciclo, que para a inmensa maioría dos mexicanos e as mexicanas do común significa permanecer na inseguridade, onde un de cada tres fogares reporta, a unha débil estatística dominada polo terror, ser vítima da violencia nun marco onde o “combate ao crime organizado” polo goberno anterior, reproduciu as súas organizacións de catro grupos a preto de 80 bandas moito máis violentas e perigosas. As cifras son terribles, segundo o anterior goberno, o secuestro aumentou 83%; o roubo con violencia 65%; a extorsión 40%; os delitos sexuais 16%. En total, 10,6 millóns de delitos entre 2006 e 2011 e, deles, só un de cada 100 castigouse. Duplicáronse os recursos en seguridade e incrementáronse os delitos. Pero as peores cifras da situación de guerra non declarada que vive México falan de 70 a 100 mil mortos produto da violencia criminal máis 25 mil desaparecidos e calcúlanse 230 mil persoas desprazadas pola violencia sen fin. Se ben o actual goberno trata en termos mediáticos de suscitar que chegou o momento dos “técnicos” fronte aos “rudos” e de reintegrar o monopolio da violencia a mans do Estado, a realidade parece ir por outro rumbo.

No plano económico e social o PRI ofrece unha “nova política” que basicamente é máis do mesmo. Insístese nas chamadas “reformas estruturais” que lle abriron camiño ao neoliberalismo e só segue importando o comportamento das variables macroeconómicas. Séguese desmontando o Estado interventor e benefactor produto da Revolución Mexicana, primeiro cun intento de contrarreforma agraria para privatizar a propiedade social que aínda hoxe día abarca o 54% do territorio nacional e agora concesionando ás mineiras preto dun terzo do país (en 2012, a Secretaría de Economía reporta 63 millóns de hectáreas concesionadas) e como xa se mencionou, cambios na Lei Federal do Traballo para a flexibilización laboral e acabar na práctica co réxime de contratos colectivos.

Suscítase continuar tamén a chamada apertura comercial que trouxo unha concentración do 80% das exportacións a un só país, Estados Unidos de América, e aproximadamente a metade das importacións do mesmo (Economía Informa, 2012). A xeración de fortes desequilibrios estruturais e un precario crecemento económico, con perda, en só 6 anos de 45,11% do poder adquisitivo no medio dun mar de desigualdades (CAM-UNAM, 2013), dun incremento das pobrezaas (CONEVAL, o Consello Nacional de Avaliación da Política Social, reconece para 2012 que 84,3 millóns de persoas presentaban carencia en polo menos un indicador social e 58,5 millóns tiñan un ingreso por baixo da liña de pobreza, segundo Banco Mundial) ao que se suma unha tamén maior dependencia alimentaria, cando en México, cinco empresas dominan case 3/4 do mercado de sementes, Syngenta, Aventis, Monsanto, Dupont e Dow, e impórtase arriba da metade dos alimentos que se consumen.

Pero tamén o “fin do mundo maia” foi recibido, o 21 de decembro pasado, doutro xeito. Os rebeldes maias zapatistas ocuparon en silencio cinco cidades do estado de Chiapas, simbolicamente mostraron un camiño diferente; desde o 1º de xaneiro de 1994 romperon coa mentalidade dominante, nun reclamo histórico que cuestiona a modernidade mesma e suscítase como proposta civilizatoria alternativa e mostra na práctica un camiño propio dos indíxenas e á vez o de moitísimos campesiños que defenden a “Madrécita tierra”; xunto con diversas loitas socioambientais para enfrontar ás mineiras e os mega proxectos, opoñerse aos transxénicos xunto cos “campesindios” porque como din: “Sin maíz no hay país”.

Outras decenas de comunidades decidiron recuperar a xustiza e forman as súas policíaas comunitarias. Doutra banda, o Movemento Rexeneración Nacional (MORENA), con Andrés Manuel López Obrador á cabeza, que quedou en segundo lugar nas amañadas eleccións presidenciais, envorcouse ás tarefas organizativas para obter o seu rexistro e actualmente promove a defensa do petróleo como ben nacional. Tamén, a Organización Popular e dos Traballadores (OPT) que reúne a sindicalistas busca transformarse en partido e enfronta a nova lei laboral e os miles de despedimentos que nuns cantos días xerou o novo goberno.

Cómpre mencionar outro dos procesos que rompeu as mentalidades, o movemento estudiantil e de mozos #YoSoy132, que puxo en evidencia durante a campaña a vena autoritaria de Enrique Peña Nieto (EPN), e que situou no centro da axenda política a loita contra os monopolios da información e a defensa da educación pública incluíndo abertamente

a súa oposición ao recoñecemento de EPN, polo que foi brutalmente reprimido o primeiro día do actual goberno.

Bibliografía

- CAM-UNAM, 2012. “Una nueva crisis para los trabajadores mexicanos” en *Reporte* núm. 102, novembro; Centro de Análisis Multidisciplinario (CAM), FE, UNAM; México, D.F.; pp. 8.
- CAM-UNAM, 2013. “Corte de Caja en el Calderonato... se acaba el cash. Cae el poder adquisitivo 45.11%, 2006-2011” en *Reporte* núm. 105, xaneiro; CAM, FE, UNAM; México, D.F.; pp. 26.
- CEPAL, 2012. *Balance y perspectivas de América Latina y el Caribe, 2011-2012*. CEPAL; Santiago de Chile; pp. 29.
- Damián, Araceli, 2013. “Hambre y pobreza en el mundo” en *El Financiero*, 7 xaneiro; México, D.F.
- Economía Informa, 2012. “Panorama Económico” en *Economía Informa* núm. 374, maio-xuño. FE, UNAM; México, D.F.; pp. 8.
- Hernández Rodríguez, Rogelio y Wil G. Pansters, 2012. “La democracia en México y el retorno del PRI” en Foro Internacional, Vol. 52, outubro-décembro, núm. 4. El Colegio de México; México, D.F.; pp. 755-796.
- Ordorica, Manuel y Jean-François Prud’homme (coords.), 2012. *Los grandes problemas de México. Tomo III*.
- *Economía*. El Colegio de México; México, D.F.; pp. 147.
- Vázquez Camacho, Pablo, 2012. “Seguridad 2012: ¿Salen los rudos, entran los

técnicos?” en *Nexos* en línea, 31 decembro. www.nexos.mx

- Villamil, Jenaro, 2012. *Peña Nieto: el gran montaje*. Grijalbo; México, D.F.; pp. 220.

3.2 A Unión Africana, 10 anos de proxecto panafricanista

María Àngela Tous Sansó

En xullo de 2012, a Unión Africana (UA) celebrou o seu décimo aniversario. Os primeiros anos desta organización rexional coincidiron cos 10 anos de maior crecemento económico do continente. Sen embargo, este crecemento non está beneficiando a toda a poboación nin influíndo no seu desenvolvemento social. As desigualdades, a pobreza e o desemprego da mocidade, ademais do cambio climático e dos conflitos violentos que afectan algunhas rexións, son temas que requiren de accións decisivas por parte dos gobernos africanos.

A UA naceu precisamente para acelerar o proceso de integración do continente e asegurarlle así un papel na economía mundial mentres, a súa vez, abordaba os problemas sociais, económicos e políticos. Desde a súa creación, a UA desenvolveu institucionalmente e participou en numerosas operacións de paz. O avance na formulación de leis para a estabilidade política, o desenvolvemento e a integración económica foron considerables, e o compromiso adquirido por parte dos Estados membros foi moi alto, pero aínda quedan dúbidas sobre a implementación das decisións.

Os ámbitos de actuación da UA

O programa New Partnership for Africa's Development (NEPAD), integrado na UA, era o medio co que desenvolver unha economía de mercado panafricana viable (a través do desenvolvemento de infraestrutura e da promoción do comercio intraafricano), mellorar o acceso á educación e á sanidade e fomentar os principios democráticos. Aínda que o NEPAD non contou coa implicación necesaria do G-20 e non se consolidou, a economía si mellorou notablemente.

Así mesmo, a UA naceu co obxectivo de fomentar a paz e a estabilidade, a democracia e a boa gobernanza. En consecuencia, suspendeu aqueles Estados membros que sufriron un golpe de Estado (Guiné Bissau e Madagascar están baixo sanción política), tentou atopar unha solución pacífica a conflitos como o de Libia en 2011 e dotouse de mecanismos de mediación e diplomacia preventiva, como o Consello de Sabios.

Todos os mecanismos para a xestión de crise no continente forman a Arquitectura de Paz e Seguridade Africana. Precisamente a actividade mais habitual da UA é o mantemento da paz. Naceu cun compromiso intervencionista, pretendía ofrecer solucións africanas aos problemas africanos e o principio de “non indiferenza” substituíu aquel de “non interferencia” mais propio da súa antecesora, a Organización para a Unidade Africana (OUA). Así, esperábase dela que actuase de forma inmediata en conflitos de baixa intensidade nos que a ONU non interviña.

O seu Consello de Paz e Seguridade pode desprezar tropas ante situacións de crimes de guerra, xenocidio e crimes contra a humanidade, e autorizar misións de mantemento da paz. A African Standby Force debía ser a forza

de reacción rápida da organización, pero aínda non veu a luz oficialmente. Sen embargo, *de facto* está en acción continua desde 2003. Un equipo de 25.000 persoas conforman este corpo de imposición da paz, e está presente, por exemplo, en Darfur, Somalia e a República Democrática do Congo.

Pola súa parte, a Comisión da UA é o órgano clave na xestión diaria da organización, xa que aplica as políticas e coordina as súas actividades e reunións. En xaneiro de 2012, o entón presidente da Comisión, Jean Ping, de Gabón, enfrontábase á surafricana Nkosazana Dlamini-Zuma para conseguir a súa reelección. O primeiro tiña o apoio das antigas colonias francesas, mentres que a segunda o tiña dos países anglófonos; pero ningún deles obtivo os dous terzos dos votos, así que a votación tivo que postergarse ata xullo. Entón, a diplomática e ministra de Interior de Sudáfrica foi elixida como presidenta, e xurdiron sospeitas doutros países, xa que existía unha regra non escrita pola que os grandes poderes continentais non se presentaban para a presidencia da Comisión. A candidatura podería ter sido unha manobra de Sudáfrica, que quere reafirmarse como potencia mundial, e o posto na Comisión demostra o seu peso continental.

Retos para a consolidación

As dificultades para elixir presidente da Comisión son só unha demostración de como ás veces os intereses propios de cada Estado prevalecen sobre os obxectivos comúns da UA. Con demasiada frecuencia, os intereses nacionais e a falta de vontade política impiden chegar a un consenso e actuar rápido ante as crises. A indecisión e a desunión provocaron, por exemplo, que as negociacións

nos conflitos de Libia e Côte d'Ivoire non desen os resultados esperados, ou que a UA non liderase a xestión do conflito actual en Malí, cedéndolle a súa posición a outras organizacións rexionais e a Francia.

A UA ten o propósito de crear institucións comúns tan importantes como un banco central, unha moeda común ou un tribunal dos dereitos humanos, obxectivos que non se alcanzarán se non pon fin á falta de compromiso político e económico. E é que tamén os recursos limitados e a pouca capacidade de aplicación impiden que poda funcionar efectivamente. A lentitude da organización e a dependencia externa (sexa de Occidente ou mais actualmente de China) únense á necesidade de coordinarse mellor con outras organizacións rexionais e coa ONU.

Outro gran déficit da UA é o enfoque *top-down* das súas políticas. O proxecto panafricanista debe ter o apoio e a participación dos cidadáns e dos movementos panafricanistas, non só debe ser un asunto de gobernos e elites que crean institucións alleas á cidadanía. A UA debería definir e identificar os problemas e necesidades reais de África; difundir o seu traballo entre os cidadáns (a maioría a descoñece e nin tan só lles aportou a libre circulación de persoas, bens e capital); resolver as crises existentes a través do consenso (e aplicar a iso enfoques de seguridade humana para conseguir solucións duradeiras); ser consecuente cos seus principios (hai Estados moi lonxe de ser democracias como as que din promover); e avanzar da man da sociedade civil, a crecente clase media e a diáspora, tres actores clave no desenvolvemento do continente.

A UA ten ante ela un futuro moi esperanzador se aproveita a oportunidade de liderar

un crecemento económico sostible. Sen embargo, non se consolidará se non se solucionan os problemas estruturais sociopolíticos e económicos cos que naceu. A integración rexional require que se superen as fracturas internas dos Estados e tamén as diferenzas entre eles. Só así a UA construíra a África que contemplaba na súa fundación: integrada, próspera e pacífica, dirixida polos seus cidadáns e sendo unha forza dinámica no mundo.

3.3 Xapón: Cambio político en 2012 e perspectivas para 2013

Masashi Oki

Os choques de 2012

O exercicio 2012 foi un “ano de choque” en Xapón. O goberno do Partido Democrático de Xapón (PDX) enfrontouse á necesidade de tomar medidas para resolver unha serie de controversias de alcance.

Yoshihiko Noda, primeiro ministro de Xapón ata decembro de 2012, decidiu que o aumento do Imposto sobre o Consumo (IVE) sería o tema máis importante do seu gabinete para restablecer a saúde das finanzas do Estado. Sen embargo, esta decisión provocou un cisma dentro do PDX. O grupo de Ichiro Ozawa, ex líder da formación, pronunciouse contra o aumento do IVE, separouse do PDX e creou un novo partido político con 37 membros na Cámara Baixa e 12 membros na Cámara Alta. O choque dentro do partido amosou ao pobo xaponés que o PDX non estaba en condicións de xestionar as urxencias da vida política.

O choque tamén ocorreu na Dieta ou Cámara Baixa. Noda precisaba da conformidade doutros partidos para aprobar o proxecto

de lei sobre o aumento do IVE debido a que o PDX non contaba con maioría na Cámara Alta. Non obstante, foi difícil chegar a un acordo. Finalmente, o Partido Liberal Democrático (PLD) e o Partido Novo Komeito (PNK) acordaron aprobar este proxecto, obtendo a cambio que Noda non cumprira a súa promesa de disolver proximamente a Cámara Baixa. Este compromiso atormentou a Noda a partir do verán de 2012.

Ao mesmo tempo, rexistráronse choques cos países veciños. A tensión no Leste Asiático agravou o problema territorial. O primeiro ministro ruso Dmitri Medvédev visitou as illas Hoppo Ryodo (denominadas por Rusia como illas Kuriles), cuxa soberanía é reclamada por Rusia. Paralelamente, o presidente de Corea do Sur, Le Myungbak, visitou a illa Takeshima (Dokdo en coreano). Ademais, un grupo de activistas de Hong Kong e Taiwán desembarcaron nas illas Senkaku (Diaoyutai en chinés), izando respectivamente as bandeiras de China e Taiwán. Os países veciños premeron a Xapón ao unísono, pasando a primeiro plano as diferenzas territoriais.

A tensión elevouse especialmente en China porque o goberno xaponés decidiu mercar as illas Senkaku e nacionalizounas. Por tanto, a nacionalización das illas Senkaku provocou as manifestacións de protesta máis grandes rexistradas en China nos últimos tempos. A tensión entre Xapón e China afectou á economía xaponesa. Por exemplo, a exportación de automóbiles xaponeses a China reduciuse nun 68,6% e a exportación total a China reduciuse nun 14,5% en novembro de 2012, en comparación co ano anterior. As cifras de turistas chineses a Xapón tamén se reduciron nun 44,0% en novembro de 2012, en compa-

ración co ano anterior. Estas dificultades económicas incrementaron o descontento cara o goberno de Noda.

Debido a estes choques tanto na política interna como externa, así como dentro do PDX, aumentou ao máximo a desconfianza contra o goberno de Noda. Esta desconfianza respecto ao PDX permitiu a aparición de novos partidos políticos, como o Partido Restauración de Xapón (PRX), o Primeiro a Vida das Persoas (actualmente chámase o Partido da Vida), o Partido do Futuro de Xapón, etcétera. Estas novas formacións denomínanse “o Terceiro Polo”. Esta nova oferta electoral será un factor importante para a política xaponesa de cara ao futuro.

Neste contexto, de súpeto, Noda finalmente disolveu a Cámara Baixa en novembro e celebráronse as eleccións xerais en decembro de 2012. O resultado foi a derrota completa do PDX. O PLD e o PNK obtiveron máis de dous terzos dos escanos totais na Cámara Baixa. En aparencia foi a vitoria do PLD, pero o feito notorio foi que os votos que obtivera o PDX nas eleccións xerais en 2009 traspasáronse ao Terceiro Polo. Se ben as eleccións de 2009 marcaron un cambio político coa histórica vitoria do PDX, este período rematou en 2012, polo que a súa duración foi de só 3 anos e 3 meses.

Perspectivas para 2013

O PLD ven sendo o partido máis forte na Cámara Baixa desde 1955 ata 2009. Tralas eleccións de 2012, finalmente retornou ao poder. Desde 1955, o PLD insiste con persistencia na necesidade de modificar a Constitución confeccionada por EUA trala Segunda Guerra Mundial, coa finalidade de que Xapón sexa realmente “independente”. Shinzo Abe,

o actual primeiro ministro de Xapón, é o líder do PLD que mais reclamaba o cambio constitucional, así que hai probabilidade de que principie a discusión en serio sobre a emenda da Constitución en 2013.

Para propoñer a modificación da Constitución, cómpre un quórum de dous terzos ou mais da votación en ámbalas dúas Cámaras. A pesar de que a coalición PLD-PNK conta con máis de dous terzos dos escanos totais na Cámara Baixa, non os alcanza na Cámara Alta. E ademais, o líder do PNK adopta unha actitude prudente e moderada ante as iniciativas de Abe neste aspecto. Por iso, o PLD aspira a obter unha vitoria abraiante nas eleccións da Cámara Alta que se celebrarán en xullo de 2013. E a maiores, Abe está buscando un colaborador para a emenda da Constitución. Existe a probabilidade de que o PRX, aínda que actualmente é o partido da oposición, sexa colaborador neste asunto.

Para conseguir a vitoria nas eleccións en xullo, Abe promoverá unha nova política económica. Ademais de facilitar as actividades financeiras, o goberno investirá unha gran cantidade de fondos nas obras públicas que teña efectos inmediatos para recuperar a economía. Abe concentra todas as súas enerxías para mudar o rumbo da economía ao longo do primeiro semestre de 2013, a fin de gañar as eleccións e tamén para aumentar os impostos a partir de 2014. O feito é que, á vista das declaracións de Abe, xa empeza a notarse o resultado. O Índice Nikkei subiu na última semana de xaneiro un 25,6% en comparación co rexistrado a mediados de mes (Nikkei: 10.879,08) e co alcanzado o pasado 14 de novembro de 2012 (Nikkei: 8.664,73), cando Noda manifestou a súa intención de disolver a Cámara Baixa.

Acerca da cotización da moeda nacional, o ien, tamén vai co vento favorable para Xapón, onde hai moitos comerciantes exportadores. O valor do ien baixou un 11,5% fronte ao dólar estadounidense e un 17,1% fronte ao Euro. Hai probabilidade de que continúe esta política económica de Abe, denominada “Abenomics”, polo menos ata as eleccións á Cámara Alta.

Sen embargo, no eido exterior, tamén existe unha alta probabilidade de que se agrave a tensión en torno ao problema territorial con China. Abe está tentando conseguir o apoio dos países do Sueste asiático. A primeira visita de Abe ao estranxeiro non foi a China, Corea do Sur nin EUA senón a Indonesia, Tailandia e Vietnam. Ademais de prometer a cooperación económica de Xapón, Abe aspira a gañarse o apoio destes países no contencioso sobre as illas Senkaku. Xapón tenta conformar unha rede envolvente en torno a China. En 2013 haberá mudanzas nas relacións internacionais, e Xapón será un dos eixes propulsores do cambio. En reacción aos choques rexistrados en 2012, a política xaponesa, tanto interior como exterior, cambiará de dirección en 2013.

3.4 Algunhas crises na Europa. Unha reflexión antes da viraxe de rumbo

Ánxelo Gonzalves

“O interese de quen comercian, no entanto, en calquera ramo do comercio, ou de quen fabrican, sempre difire nalgún aspecto, ou mesmo é contrario, ao interese xeral.”

Adam Smith⁽¹⁾

O sistema económico capitalista, inherentemente inestábel, socialmente inxusto, violento por necesidade e incompatíbel cunha democracia que poida merecer tal nome, vén de experimentar unha das súas típicas oscilacións á baixa, con particular intensidade. Con isto, exacerba moitas das crises con que a Europa viña lidando, que esixirán atención perentoria nos próximos meses e anos. Chamarei aquí a atención sobre algunhas delas.

Crise económica

A crise económica da Europa non consiste na incapacidade produtiva da sociedade europea, nin na escaseza de capital dispoñíbel, nin na falta de diñeiro: a Europa foi capaz nas últimas décadas de producir riqueza suficiente para a súa poboación e xerar un enorme excedente, mesmo descontando a produción de bens “desnecesarios” (*boom* inmobiliario) E repentinamente non ten capacidade para o facer? Desapareceu a maquinaria? Desapareceu o capital humano? Desapareceu o diñeiro? A resposta a todos estes interrogantes é, claro, non.

Entón, en que consiste esencialmente a crise económica? En primeiro lugar, en que os bens e servizos que se continúan a producir na Europa, que son aínda máis que suficientes para que calquera persoa europea poida levar unha vida digna⁽²⁾, non se reparten de modo nin igualitario nin equitativo. En segundo lugar, en que a economía financeira ofrece menos riscos, maiores marxes de beneficio, a máis curto prazo e con menos esforzo para a clase capitalista, de modo que prefire investir aí en vez de na economía real⁽³⁾. Por último, en que a riqueza e, conseguintemente, as decisións na esfera económica

continúan a concentrarse en cada vez menos mans, máis poderosas, que están a mostrar pouco escrúpulo á hora de antepor o beneficio propio a calquera outra consideración, resultando isto en prexuízo do ambiente (vía presión para a desregulación ambiental, v.g.), dos seres humanos (vía presión para a aceptación de transxénicos non suficientemente testados; da redución da presión fiscal sobre grandes fortunas e as súas actividades económicas máis habituais; da evasión fiscal legal e ilegal; da reprodución de esquemas profundamente patriarcais, v.g.), etcétera.

Crise política I.

A socialdemocracia

A socialdemocracia tal como foi inicialmente concibida, como camiño institucional, progresivo e directo de cara ao socialismo, fracasou. Na súa acepción máis contemporánea (en realidade evolución inevitábel da aplicación da anterior) que remite a partidos políticos defensores dun capitalismo limitado por dereitos laborais e sociais, tamén. O resultado foi o que Noam Chomsky ten denominado “guerra de clases unidireccional”, en que unha parte continuou a atacar e a outra deixou de se defender.

As organizacións defensoras da socialdemocracia fracasaron porque nunca conseguiron asentar suficientes avances en tres áreas que terían sido esenciais. As dúas primeiras terían por obxectivo evitar unha acumulación de riqueza excesiva en determinados individuos, que levaría e levou a que o desequilibrio económico acabase por permear todas as demais esferas da vida. Estas dúas primeiras áreas serían: a propiedade pública dos medios de produción esenciais e dos tendencialmente monopolísticos ou oligopolísticos;

unha fiscalidade progresiva avanzada que impidise a acumulación de riqueza excesiva, incluíndo a interrupción da transmisión patrimonial entre xeracións.

E, en terceiro lugar, a socialdemocracia non conseguiu asentar unha moral cívica, que tería contribuído para a humanización dun capitalismo limitado, ou para o desenvolvemento de calquera outro sistema económico desde criterios humanistas. Unha moral que podería asentar en dous principios ben coñecidos: partindo de Immanuel Kant, cando actuamos como individuos, os parámetros que guían os nosos comportamentos deberan ser tales que nos gustaría que o resto de persoas tamén os seguisen; partindo de John Rawls, cando actuamos politicamente, deberíamos aspirar a configurar unha sociedade na que aceptaríamos vivir independentemente da posición social, económica, xeográfica, da intelixencia, das virtudes ou debilidades físicas, etcétera., que nos correspondesen a nós.

O fracaso da socialdemocracia é temporal. A socialdemocracia volverá a gobernar e volverá a fracasar. Fica a esperanza de que, despois de cada fracaso, aproveitando o forte apoio popular en favor dunha economía máis social que encostará cada regreso, avance un pouco máis de cara á democratización da esfera económica. Isto é, cabe a esperanza dunha espiral que en cada volta amplíe os ámbitos da economía sometidos a propiedade e control públicos.

Crise política II.

O desafío aos nacionalismos estatais

A Cataluña e a Escocia propóñense celebrar referendos de independencia. Isto impli-

ca un auxe da vontade independentista destes territorios e o reforzamento dos partidos ou das faccións dos partidos con vocación independentista. Acontece outro tanto na Flandres, onde a independentista Nova Alianza Flamenca gañou máis asentos locais e provinciais o pasado outubro, converténdose na primeira forza política a nivel local e provincial. Probablemente o independentismo estea a avanzar tamén en Euskal Herria (si, non só en Euskadi) onde, no entanto, o efecto da crise é máis difícil de determinar debido ao importante impacto do cese de actividade de ETA e volta ás institucións, con toda a forza, da esquerda abertzale.

En xeral, a crise está a levar a un maior reforzamento de posicións nacionalistas centrífugas e independentistas alí onde as forzas políticas correspondentes teñen conseguido asentar no imaxinario colectivo a idea de que as súas son nacións economicamente espremidas por outras. Algo que, a pesar de esforzos recentes e pasados⁽⁴⁾, non ten ocorrido aínda no noso país, en que a sociedade considera vivir subsidiada.

Crise social.

Indignáronse e están a organizarse: o que está por vir.

Non cabe esperar que o impacto social da crise económica a que se facía referencia máis arriba, fiquen sen unha resposta que esixirá mudanzas económicas e institucionais serias. Neste sentido, chama a atención a resistencia nos poderes económico, político e mediático (nalgúns países, tamén relixioso⁽⁵⁾) a aceptar sequera un alivio significativo da situación de crecente privación que afecta á práctica totalidade da poboación europea, en maior ou menor medida.

A presente crise capitalista encara dúas novidades fundamentais. En primeiro lugar, unha maior facilidade para a comunicación entre as persoas, o que permite unha maior velocidade e extensión do intercambio de ideas e maior facilidade para a coordinación de accións.

Mais, en segundo lugar, cabe referir o capital intelectual que acumula a clase traballadora, armada de persoas con estudos superiores a un nivel sen precedentes na historia do capitalismo. É neste último factor que se poden fundar esperanzas razoábeis dunha saída lúcida da conxuntura actual, que non pase polo uso sistemático da violencia, a pesar de que do lado das persoas oprimidas se leve anos padecéndoa (miseria económica, despois, privación de acceso á atención sanitaria, etcétera.).

Citas bibliográficas:

⁽¹⁾ SMITH, Adam; *An Inquiry into the Nature and Causes of the Wealth of Nations*. Excerto traducido da edición dixital da Pennsylvania State University, recollido na páxina 213, no Libro I, Capítulo 11. A versión referida pode consultarse aquí: <http://www2.hn.psu.edu/faculty/jmanis/adam-smith/Wealth-Nations.pdf>. Última visita a 30 de decembro de 2012.

⁽²⁾ Segundo recolle o Global Wealth Report 2012, do Research Institute do grupo financeiro Credit Suisse, de feito, “a Europa continúa a ser a rexión con maior riqueza total” (páx. 9), acumulando case un terzo da riqueza planetaria (tirado da Táboa 1, recollida na páxina 5). Pode consultarse o relatorio aquí: http://economics.uwo.ca/news/Davies_CreditSuisse_Oct12.pdf. Última visita a 29 de decembro de 2012.

⁽³⁾ Segundo o editorial do N° 194 do xornal *Le Monde Diplomatique* na súa versión en

español, de Ignacio Ramonet e de decembro de 2011, a economía financeira representaba a nivel mundial un volume 75 veces superior ao da economía real. Pode consultarse aquí: www.monde-diplomatique.es/?url=editorial/0000856412872168186811102294251000/editorial/?articulo=1f197f01-9a45-4451-81b0-4ffe3a916e07. Última visita a 30 de decembro de 2012.

⁽⁴⁾ Non pode deixarse de referir o notábel esforzo desenvolvido polo Seminario de Estudos Galegos en 1931, cando anexa ao seu “*Anteproyeito de Estatuto da Galiza*”, recollido en 5 páxinas, un relatorio encomendado a Alexandre Bóveda, en que este mostra, incluíndo todo tipo de datos oficiais, que é a Galiza a que está a subsidiar o Estado central, nun total de 10 páxinas.

⁽⁵⁾ Tomando como exemplo dous Estados tan próximos como o español e o portugués, chama intensamente a atención a diverxencia de actitudes e discursos entre dúas Igrexas Católicas, aínda moi poderosas. No Reino da España, o arcebispo de Toledo aseveraba recentemente que o “divorcio exprés xera violencia machista”, mentres o de Granada cargaba contra unha sociedade instalada na cultura de “pobo subsidiado” ou consideraba que querer facer parte do corpo funcional é unha “enfermidade social”. En Portugal, o bispo das Forzas Armadas, falando da incidencia social da crise, criticaba o Goberno facendo referencia a algúns dos seus membros como “tipos que loitan polos seus intereses, teñen a súa cuadrilla, teñen o seu clube e presionan a comunicación social”; o arcebispo de Braga, tamén referíndose ás consecuencias sociais da crise, acusaba a políticos para quen “moitas veces e case sempre, vale apenas o benestar persoal ou, cando moito, do seu grupo ou partido”.

3.5 O desxeo do Ártico. Punto de partida para a disputa da rexión

Marcelo Javier de los Reyes

Dende hai máis dunha década, a rexión do Ártico está sufrindo unha forte redución do xeo. En setembro de 2005 chegouse a determinar que era a maior diminución en mais dun século. Sen embargo, o fenómeno -produto do efecto invernadoiro- continuou.

O presente artigo non ten por propósito analizar o cambio climático senón as derivacións xeopolíticas que está a motivar. A nova situación deu lugar a unha puxa pola soberanía do Ártico por parte de Canadá, Dinamarca, EUA, Noruega e Rusia, sobre todo no que se refire ao control dos pasos, illas e plataformas continentais. Aos mencionados países sumáronse Suecia, Finlandia e Islandia, cuns territorios que se estenden mais aló do Círculo Polar Ártico, así como tamén China e India, coa intención de obter réditos da nova situación⁽¹⁾.

Canadá e EUA concentran a súas disputas en dous puntos: o **paso do Noroeste** e o **mar de Beaufort**. Respecto do primeiro, permanece navegable por un breve período durante o verán e sería relevante para o comercio marítimo se os efectos do desxeo permitiran a circulación por máis tempo ao ano. Dese modo converteríase nunha ruta alternativa á Canle de Panamá e recortaría as distancias con outros países do hemisferio norte.

Para enfrontar a posición de Canadá -Estado que reivindica a súa soberanía desde 1973, ao fundamentar que pasa sobre a súa plataforma continental- acerca da xurisdición desa pasaxe, EUA fai fincapé na disuasión pois para esa potencia todo o Ártico atópase baixo a competencia da flota do Pacífico.

Ao respecto, España pretende que o paso sexa considerado como augas internacionais co propósito de favorecer a súa flota pesqueira⁽²⁾. No caso do Mar de Beaufort, a disputa obedece ao potencial enerxético que xacería no mesmo xa que sería rico en gas e petróleo.

Pola súa banda, Canadá mantén un litixio con Dinamarca pola illa de Hans, un pequeno illote recoso. Con referencia a EUA, tamén observa con atención o paso Nordeste que comparte coa Federación de Rusia. Outra área de controversia entre estes dous países é o Mar de Bering pero, mediante un acordo asinado en 1990, decidiron dividirse ese espazo marítimo. Sen embargo, baixo o argumento de que a redución dos seus dereitos sobre ese mar afectaría á industria pesqueira rusa, o Parlamento da Federación de Rusia non renovou o tratado. En setembro de 2012, a entón secretaria de Estado de EUA, Hillary Clinton, e o seu par ruso, Sergei Lavrov, no marco do cumio do Foro de Cooperación Económica Asia-Pacífico, celebrado en Vladivostok (Rusia), acordaron medidas para aumentar a súa cooperación na Antártida e no Estreito de Bering, a través dun acordo asinado⁽³⁾.

O mar de Barents é outro dos puntos de conflito. Rusia e Noruega non alcanzan un acordo nesta zona dende a época en que Josef Stalin decidiu unir Murmansk -porto ruso sobre ese mar- co Polo Norte mediante o trazado dunha liña imaxinaria. Cabe mencionar aquí que un dos maiores ingresos noruegueses por exportación provén do petróleo e do gas e que o Mar de Bering conta cunha importante reserva de gas.

No contexto destas disputas, Rusia é a que tomou a iniciativa mais firme respecto ao Ártico. En agosto de 2007, o goberno ruso

enviou dous minisubmarinos a depositar unha cápsula de titanio, contendo a bandeira rusa, no leito do Ártico, a 4.200 metros de profundidade. Dese modo, Rusia pretendía sentar as bases da súa soberanía sobre un espazo dun millón de quilómetros cadrados de área submarina, asegurándose así a potencial explotación dos xacementos de petróleo e de gas⁽⁴⁾. O envío deses dous minisubmarinos era parte dunha misión científica que aspiraba a soste o argumento de que a extensa cordilleira submarina Lomonosov -que elévase a 3.700 metros sobre o leito mariño- é a continuación xeolóxica de Siberia e, polo tanto, do territorio ruso⁽⁵⁾. A expedición recibiu críticas por parte do goberno canadense.



Mapa do Ártico realizado en 2008 por científicos británicos da Universidade de Durham baseándose en reclamos de propiedade históricos e actuais. Fonte: *BBC Mundo*, http://news.bbc.co.uk/hi/spanish/international/newsid_7544000/7544351.stm

En 2010, o entón primeiro ministro ruso Vladimir Putin convocou a conferencia “O Ártico: territorio de Diálogo” á que foron convidados representantes de Rusia, Canadá, EUA, Dinamarca, Finlandia, Islandia, Noruega e Suecia, o Comité Internacional de Ciencias do Ártico, o Consorcio Polar Europeo, asociacións de pobos orixinarios do Ártico, entre outros. A convocatoria tivo por propósito analizar a exploración e des-

envolvemento dos recursos mineiros, a explotación en áreas *offshore*, a protección do medio ambiente e avanzar na infraestrutura do transporte na rexión. Esta conferencia foi unha proba mais do énfase que o goberno ruso pon sobre o Polo Norte. Dende entón, o foro reúnese anualmente.

Rusia avanza coa súa xeopolítica sobre o Ártico tentando demostrar a extensión do seu territorio sobre o leito mariño para o cal enviou nunha misión secreta ao batiscafo de propulsión nuclear *AS-12 Losharik*, para recadar maiores fundamentos a fin de presentar ante a Convención das Nacións Unidas, en relación á Lei dos Océanos⁽⁶⁾. Tamén avanza en proxectos enerxéticos, como o demostra a compra da empresa privada *TNK-BP* -cun 50% que pertencía á británica *BP*-, por parte da empresa estatal rusa de enerxía *Rosneft*, o que a convertería na maior empresa a escala mundial e lle abre o camiño para unha maior exploración dos recursos rusos do Ártico⁽⁷⁾.

O Ártico atópase regulado pola Convención da Plataforma Continental de 1958 e a Convención das Nacións Unidas de 1982, que determina un mar territorial de 12 millas náuticas e unha zona económica exclusiva ata 200 millas, coa posibilidade dunha ampliación de ata 350 millas. Mentres que Noruega e Rusia xa formularon este reclamo, Dinamarca e Canadá dispóñense a facelo. Pola súa banda, EUA non ratificou a Convención do Mar.

O litixio en torno a esta rexión preséntase como unha cuestión de difícil resolución que, de non circunscribirse a un acordo, os países da rexión deberán debater nunha Convención baixo o paraugas da ONU ou aceptar a internacionalización de boa parte do Ártico, seguindo o modelo do Tratado Antártico.

Citas bibliográficas:

- ⁽¹⁾ DOLINSKI, Alexéi Dolinski; “El deshielo del Ártico aumenta la actividad económica en la zona”. En: *Rusia Hoy*, 25/12/2012. Ver en: http://rusiahoy.com/articulos/2012/12/25/el_deshielo_del_artico_aumenta_la_actividad_economica_en_la_zona_23479.html, [última consulta: 27/12/2012].
- ⁽²⁾ DE PORTILLO, Juan; “Los puntos calientes del Ártico”. En: *El País*, 07/08/2008, Ver en: http://www.elpais.com/articulo/internacional/puntos/calientes/Artico/elpepiint/20080807elpepiint_6/Tes, [última consulta: 05/08/2007].
- ⁽³⁾ “EE.UU. y Rusia firman acuerdo sobre los polos”. En: *BBC Mundo*, 08/09/2012, Ver en: http://www.bbc.co.uk/mundo/ultimas_noticias/2012/09/120907_ultnot_acuerdo_rusia_eeuu_artico_jgc.shtm, [consulta: 27/12/2012].
- ⁽⁴⁾ “Rusia planta su bandera en el Ártico”. En: *BBC Mundo*, 02/08/2007, Ver en: http://news.bbc.co.uk/hi/spanish/international/newsid_6927000/6927179.stm, [consulta: 05/08/2007].
- ⁽⁵⁾ *Ídem*.
- ⁽⁶⁾ LITOVKIN, Dmitri; “El submarino Losharik explora el Ártico”. En: *Rusia Hoy*, 17/12/2012, Ver en: http://rusiahoy.com/articulos/2012/12/17/el_submarino_losharik_de_mision_por_el_artico_22887.html, [consulta: 27/12/2012].
- ⁽⁷⁾ “Rusia compra la compañía petrolera TNK-BP”. En: *BBC Mundo*, 22/10/2012, Ver en: http://www.bbc.co.uk/mundo/ultimas_noticias/2012/10/121022_ultnot_rusia_compra_tnkbp_en.shtml, [consulta: 28/12/2012].

4.

Reflexións transversais:

4.1 Os pobos ábrense paso

Xabier Macías

O mundo móvese. A descarnada imposición da utopía ultraliberal iniciada nos tempos de Ronald Reagan e de Margaret Thatcher enfrenta obstáculos: a democracia resiste, a historia prosegue e fálase xa de desmundializar a economía como alternativa. Neste contexto, cobra novos folgos e argumentos a reivindicación dos dereitos colectivos e os pobos ábrense paso: nos últimos vinte anos os membros das Nacións Unidas pasaron de 159 a 193 (M. BUMFORD: 15), a maioría tras a reorganización da área de influencia da desaparecida Unión Soviética; na Sudamérica virada á esquerda, as nacións indíxenas retoman un protagonismo derrotado hai 500 anos e ignorado, hai 200, cando a descolonización; na Europa en crise, o dereito a decidir consegue aglutinar maiorías favorábeis á democratización dunha decepcionante Unión Europea.

O vento da mutabilidade das fronteiras do Leste chegou onde as vellas nacións sen Estado de Europa canda os argumentos e a experiencia dunha realidade cultural e economicamente máis próxima. Quebec iniciara polos anos 1960 a súa “revolución tranquila”, con movementos sociais e políticos a reclamar autonomía ou independencia do Cana-

dá, insistindo como sociedade en afirmar o “dereito do pobo quebequés a escoller o seu estatus político” (TURP, 2010) (FGS, 2003).

A elección por vez primeira dun goberno do Partit Québécois en 1976 permitiu a plasmación da reivindicación de autodeterminación coa “adopción dunha ‘Lei sobre a consulta popular’ e a celebración dun primeiro referendo en 1980” que, malia a derrota da opción independentista (acadou o 40%) significou unha vitoria estratéxica: a conquista do dereito a decidir. En 1995, un novo plebiscito (con un 93,5% de participación) levou a posición favorable á independencia até un 49,4% dos votos emitidos e o posterior recurso xudicial interposto polo goberno canadense contra o dereito unilateral esgrimido polo Quebec orixinou o xa famoso pronunciamento da Corte Suprema de Canadá (1998) na que se recoñece, en base aos principios constitucionais -e nomeadamente sobre o principio democrático- “o dereito a tentar realizar a secesión” (TURP, 2010).

“O sistema ten que ser capaz de reflectir as aspiracións do pobo”

A lóxica dos xuíces canadenses recóllese na fundamentación xurídica do proceso de ampliación interna da Unión Europea realizada polo Centre Maurits Coppieters (A. GONZÁLEZ et al., 2010) para teimar na lexitimidade da iniciativa política que a Alianza Libre Europea (EFA-ALE) puxera en marcha en paralelo ao debate constitucional da Unión, coa configuración no Parlamento de Estrasburgo dun Intergrupo de Nacións sen Estado, presidido polo galego Camilo Nogueira.

Por que Malta e non Galiza? Por que Chipre e non Escocia? dicíase daquela para

argumentar a maior entidade económica e demográfica, e mesmo tradición histórica e diferenza cultural, destas nacións fronte a algún dos Estados incorporados con pleno dereito na UE, cando o proceso de expansión europea comezaba evidenciar tanto o anacronismo dos vellos Estados e a inxusta negación da súa realidade plurinacional, como a primacía de poderes económico-financeiros de orientación ultraliberal fronte aos procedementos político-democráticos. O agravamento da crise agudizou estes fenómenos e deu un novo pulo aos movementos cívicos e políticos que viñan gañando apoios en países como Escocia, Flandres ou Catalunya. En 2011 -trece anos despois do establecemento do Parlamento escocés- o Scottish National Party (SNP) gaña as eleccións con maioría absoluta e anuncia un referendo para 2014; de por parte, a Nieuw-Vlaamse Alliantie (N-VA) é hexemónica en Flandres e progresa na súa estratexia de debilitamento do Estado belga; convocada pola Asamblea Nacional Catalana, Catalunya vive o 11 de setembro de 2012 unha histórica manifestación nacional expresión dun vizoso movemento independentista que mobilizara case 900.000 persoas en 553 concellos (un 19% do correspondente Padrón de habitantes maiores de 16 anos) nas consultas populares promovidas por iniciativa cívica entre setembro de 2009 e abril de 2011, para rematar reafirmando unha ampla maioría favorable ao dereito a decidir nas eleccións autonómicas de 2012.

A independencia e a creación de novos Estados no interior da UE pasou formar parte da axenda política. Sinálanse as vantaxes da conquista da soberanía polas vellas nacións até agora negadas ao se salientar como estes

países gañarían poder e representación institucional, mellorando asemade a súa eficacia na resposta á crise económica. Galiza, por caso, podería triplicar como Estado independente a súa representación no Parlamento europeo (PE) (M. BUMFORD, 2012) mentres que, segundo un estudo realizado pola Fundación Josep Irla, *“no ámbito da UE27, os países pequenos mostraron un comportamento económico mellor no período 2002-2010 por súas economías estaren máis integradas na economía internacional, dependeren menos do seu mercado interno”* e mesmo teren, polo seu menor tamaño e meirande homoxeneidade, *“unha dimensión máis reducida do seu gasto público”* (A. CASTELLANOS et al, 2012).

Parece imporse no discurso –tamén no caso de Euskal Herria, cos matices de ritmo derivados do inacabado proceso de superación política do conflito e das secuelas da violencia- a referencia europea como marco alternativo de incorporación dos novos Estados, abríndose debates en torno á legalidade da permanencia automática dos mesmos na Unión ou sobre os límites do actual modelo ultraliberal para satisfaceren o afán emancipador tamén presente en parte dos movementos independentistas. Aprécianse coincidencias nas argumentacións políticas, económicas, culturais e mesmo éticas fornecidas desde Escocia ou Catalunya na perspectiva dos referendos previstos para 2014. Cousa ben distinta é a actitude dos Estados cara eses procesos. A solución democrática procurada no Reino Unido, plasmada no acordo mutuamente respectuoso entre os gobernos de Londres e Edimburgo, contrasta coa secular intransixencia centralista española, incapaz de artellar unha resposta que

supere a ameaza dos anacronismos parafrancistas recollidos na Constitución de 1978 en cuestión de soberanía.

2014 é pois unha perspectiva de indubidable interese por canto abrirá, nun ano electoral, novas vías de discusión en torno ao futuro político da Unión e as alternativas sobre a súa necesaria democratización, algo progresivamente máis evidente co afondamento da crise e dos seus nefastos efectos sociais. A conformación de novos Estados é unha posibilidade, mais o fundamental é o avance cualitativo na conquista do poder de decisión polos pobos que se abren paso o que sitúa a hexemonía ideolóxica neses procesos como unha loita paralela, algo que as esquerdas tradicionais seguen sen comprender aliñándose coas posicións defensoras dos grandes Estados centralistas en contra dos dereitos colectivos de pobos que din defender.

“A autodeterminación non se pide, exerceuse”

Aureli Argemí, presidente emérito do CIEMEN catalán resume así a liña a seguir para o exercicio deste dereito alén do seu tradicional contexto postcolonial. Esa vontade parece patente nas experiencias comentadas e nos novos pasos suxeridos desde o independentismo do Quebec tras a súa última vitoria electoral: a adopción tanto dunha “Constitución e Cartas de laicidade ou cidadanía para os habitantes do Quebec” como dunha “Carta da Lingua francesa como idioma común da nación” (TURP, 2012).

Fica pendente de saber se o axitado panorama do nacionalismo galego permitirá construír a lucidez e o apoio social necesarios para acompañar estes camiños.

Referencias bibliográficas:

- ARGEMÍ, Aureli; *L'autodeterminació dels pobles al cor d'Europa*, Nationalia, 2012. <http://www.nationalia.cat/ca/noticies/1228>, <http://vimeo.com/51288278>;
- BUMFORD, M; *The ascent of autonomus nations*. Welsh Nationalism Foundation (WNF) & CMC, 2012;
- CASTELLANOS, A. et al; *The size of states and economic performace in the European Union*. Fundació Josep Irla (FJI) & CMC, 2012;
- GONZÁLEZ, A. et al; *The internal enlargement of the European Union*, Fundació Josep Irla (FJI) & CMC, 2010. Versión en galego en: <http://www.galizasempre.org/biblioteca/ampliacion-interna-da-union-europea>;
- TURP, Daniel; *Conferencias na Fundación Galiza Sempre*. Santiago de Compostela e Lugo, 2010. <http://www.galizasempre.org/fundacion/novas/turp-pede-respecto-para-nacion-lingua-galegas>;
- TURP, Daniel; Intervención no *Seminario sobre Autodeterminación* organizado pola Rede Mundial polos Dereitos Colectivos dos Pobos. Parlamento Europeo, 2012. <http://www.galizasempre.org/fundacion/novas/autodeterminacion-non-se-pide-exerceuse> | <http://vimeo.com/50826185>;
- *A Nación Galega no Parlamento europeu (1999-2004)*. Fundación Galiza Sempre. (FGS) <http://www.galizasempre.org/biblioteca/nacion-galega-no-parlamento-europeu-lexislatura-1999-2004>;
- *Québec, unha nación*. Ideas impresas 2. Fundación Galiza Sempre, 2003. <http://www.galizasempre.org/sites/default/fi>

les/catalogo/indices/02-quebec_unha_nacion.pdf;

- Información sobre as consultas populares en Catalunya: www.decidim.cat Assemblea Nacional Catalana <http://www.assemblea.cat>;
- Campaña a prol do si no referendo escocés: <http://www.yesscotland.net>;
- Acordo entre os gobernos de Escocia e Reino Unido: http://www.galizesempre.org/sites/default/files/catalogo/indices/acordo_referendum_escocia.pdf;
- Todas as publicacións editadas polo CMC dispoñíbeis en: <http://www.cmc-foundation.eu>

4.2 O G-20 e os paraísos fiscais

Roberto Montoya

“*A era do secreto bancario terminou*”. O ex presidente francés Nicolás Sarkozy foi rotundo ao concluír o cumio do G-20 do 2 de abril de 2009 en Londres. O entón mandatario galo anunciou naquel momento unha forte ofensiva para acabar cos paraísos fiscais, coas operacións *off-shore*, con esa enxeñería fiscal que permite a grandes empresas e grandes fortunas eludir o pago de impostos nos seus países de residencia.

Xa uns días antes de dito cumio, Sarkozy fixo un dos seus típicos anuncios de forte impacto mediático: asegurou que abandonaría o seu simbólico cargo de co-príncipe de Andorra, se ese Estado non eliminaba o secreto bancario. Apoiado pola chanceler alemá Ánxela Merkel e polo presidente estadounidense Barack Obama, Sarkozy foi preparando o terreo para que o cumio, que se realizaba en plena crise en EUA e Europa, dera a centos

de millóns de cidadáns a imaxe de que os seus dirixentes, controlaban a situación e que estaban dispostos a acabar cun dos flaxelos da economía mundial.

O G-20, constituído polos sete países máis industrializados do mundo (G-7, Alemaña, EEUU, Xapón, Reino Unido, Canadá, Francia e Italia), mais Rusia (con quen estes conforman o G-8); once países emerxentes, e a Unión Europea como bloque económico, encomendou antes da reunión de Londres á Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE) que achegara un informe sobre os paraísos fiscais existentes en todo o mundo.

A última lista oficial que se coñecía ata o momento fora confeccionada en 2002, e nela figuraban 38 enclaves, aos que a OCDE engadiu en 2009 cinco máis: Suíza, Luxemburgo, Singapur, Austria e Hong Kong. Nin ben coñecerse aquela denominada “lista gris” actualizada, países ou xurisdicións que xa figuraban desde antes, como Andorra, Liechtenstein, Illas Caimán, Illa de Man, e algúns dos engadidos, como Austria, Suíza e Luxemburgo, apresuráronse a amosar flexibilidade á hora de cooperar con información coas autoridades xudiciais doutros países.

Estes cambios foron notificados antes do cumio do G-20, polo que ao termo da mesma, este organismo e a OCDE puideron reivindicar a eficacia da súa ameaza, antes incluso de que se puxera en práctica.

Precisamente, dende aquel cumio, o G-20 pasou a ter un rol cada vez mais importante como foro de discusión da economía mundial, desprazando en protagonismo ao G-7, ao G-8 e incluso ao G-8+5 (o G-8 mais China, India, Brasil, México e Sudáfrica, denominado tamén G-13).

Tres anos e medio despois, o 4 de novembro de 2012, o G-20 celebraba o seu cumio en Cannes (Francia). De novo, Sarkozy erixíase no “gran cruzado” contra os paraísos fiscais. *“Non queremos máis paraísos fiscais. A mensaxe é moi clara”*, dixo e engadiu: *“Os países que sigan sendo paraísos fiscais co disimulo financeiro serán condenados ao ostracismo pola comunidade internacional”*. Reivindicando o conseguido polo G-20 desde 2009, o aínda presidente francés declarou: *“Xa non estamos no mesmo mundo. Hai once paraísos fiscais, había ducias cando empezamos en Londres”*.

En efecto, os novos informes da OCDE daban conta da boa nova. Os países que aínda quedaban nesa lista de non cooperantes na información fiscal eran: Trinidad e Tobago, Brunei, Liechtenstein, Panamá, Barbados, Antiga e Barbuda, illas Seychelles, Botswana, Uruguai, Suíza e Vanuatu.

No cumio de Cannes, o secretario xeral da OCDE, Angel Gurría, deu un informe totalmente optimista, reivindicando que como resultado da nova política contra o fraude fiscal, numerosos países puideran ser excluídos da lista gris ao cumprir coas condicións de transparencia que lles esixiran e que foron rescatados cerca de 12.000 millóns de dólares evadidos ao fisco en 20 países.

E a lista seguiu descendendo. A inicios de 2013, na lista da OCDE só figuraban dous centros *off-shore*: Niué, unha illa de Polinesia con 1.400 habitantes, totalmente dependente de Nova Zelandia; e a República de Nauru, un país da Micronesia, con 21 quilómetros de superficie e 13.000 habitantes.

O problema dos paraísos fiscais pertence entón xa á historia? Nada mais lonxe da realidade. Tax Justice Network, unha po-

tente organización británica que loita pola xustiza tributaria, composta por economistas, académicos, organizacións como Attac, Oxfam e un largo etcétera, clarexou nun exhaustivo informe, *El precio de los paraísos*, a realidade sobre os supostos logros do G20 e da OCDE.

No seu informe, esta organización revelou que a OCDE eliminou da súa “lista gris” a numerosos países simplemente por cumprir coa súa condición de asinar un mínimo de doce convenios de información fiscal e financeira con outros tantos países. Pero foron asinados entre paraísos fiscais ou con países insignificantes fiscalmente, burlando calquera criterio de transparencia. Tax Justice Network tamén revelou que boa parte dos cerca de 12.000 millóns de euros recuperados corresponden a amnistías fiscais decretadas por distintos países, que permitiron facer aflorar diñeiro negro grazas á eliminación de todo tipo de penalización.

Non é difícil entender que o G-20 e a OCDE teñan tantas dificultades para perseguir realmente aos defraudadores fiscais, tendo en conta que moitos deses territorios pertencen ou están baixo o control... dos seus propios perseguidores.

Segundo Tax Justice Network, mentres desde hai anos en Europa aplícanse plans de axuste que provocan a destrución de millóns de postos de traballo e un deterioro acelerado do Estado de benestar, o 30% ou 40% dos impostos que deberían recadarse terminan en paraísos fiscais.

Calcúlase que neses paraísos hai preto de 20 billóns de euros que, de pagar os impostos correspondentes, permitirían saldar a débeda externa de varios países e eliminar todas as medidas de axuste.

4.3 Pobreza e dilemas da axuda ao desenvolvemento

Pedro Ramiro

Xa non é posible “seguir exportando tanta solidariedade”. As “circunstancias cambiaron” e os compromisos contra a pobreza deben reorientarse “cara o noso territorio”. Iso afirmaba en setembro do ano pasado o conselleiro de Xustiza e Benestar Social da Generalitat Valenciana, Jorge Caberei, para xustificar a decisión do seu goberno de poñer fin ás políticas de cooperación internacional. Seguindo unha liña parecida, tanto o goberno central como a gran maioría das administracións autonómicas e municipais do Estado español eliminaron ou reduciron drasticamente os seus orzamentos para axuda ao desenvolvemento en 2012. E as perspectivas para este ano van na mesma dirección: segundo denunciou a Coordinadora de ONG para o Desenvolvemento (CONGDE), aos 1.900 millóns de euros que se recortaron o pasado ano sumaránselle este outros 300 millóns máis. Con todo iso, a AOD española supón soamente o 0,2% da renda nacional bruta, o que nos retrotrae a niveis de principios da década dos noventa. “Foi un erro perseguir o 0,7%”, dixo agora o secretario de Estado de Cooperación e para Iberoamérica, Jesús Gracia.

Nestes tempos de crise financeira, reformas económicas, recortes sociais, eliminación de subvencións públicas e “doutrina do shock”, as institucións que nos gobernan están aplicando en Europa as mesmas políticas que se levaron a cabo nos países periféricos nas dúas últimas décadas do século XX. Mentres se inxectan orzamentos públicos millonarios ás empresas que durante todos estes anos beneficiáronse da falta de regula-

ción do sistema económico, a crise é a escusa para avanzar con máis forza no desmantelamento do Estado do Benestar, a privatización dos bens comúns e a apertura de portas ao capital transnacional para que poida controlar cada vez máis cuestións que teñen que ver cos dereitos fundamentais da cidadanía. E a situación actual da cooperación para o desenvolvemento, como non podía ser doutro xeito, responde a esta lóxica. Por iso é polo que estamos asistindo a unha profunda reestruturación da arquitectura do sistema de axuda internacional, con vistas a reformular o papel que deben xogar, tanto no Norte como no Sur, os que se considera que son os principais actores sociais -grandes corporacións, Estados, organismos internacionais e organizacións da “sociedade civil”- no marco da chamada “loita contra a pobreza”.

En realidade, o crash global non fixo outra cousa que terminar de concretar un proceso, iniciado fai xa máis dunha década, no que o sector privado -é dicir, as empresas transnacionais- adquiriu un papel central como “axente de desenvolvemento” na axenda oficial da cooperación internacional. O enfoque do desenvolvemento humano e sostible, que durante os anos noventa foi predominante nos discursos globais sobre desenvolvemento, cedeu definitivamente o protagonismo ao paradigma do capitalismo inclusivo, un esquema de relación triangular entre as compañías multinacionais, as institucións públicas e as organizacións non gobernamentais de desenvolvemento co que trata de culminarse, dunha vez por todas, o proceso de mercantilización da cooperación ao desenvolvemento. Deste xeito, a gran empresa, o crecemento económico e as forzas do mercado se articulan como os alicerces bási-

cos sobre os que deben sustentarse as actividades socioeconómicas de cara a combater a pobreza. Na era da pobreza 2.0, con todo, non pretenden atallarse as causas estruturais que promoven as desigualdades sociais e imposibilitan unha vida digna para a maioría da poboación mundial, senón que búsquese xestionar e rendibilizar a pobreza de acordo aos criterios do mercado: beneficio, rendibilidade, retorno do investimento. (1)

“Xa é hora de que as corporacións multinacionais miren as súas estratexias de globalización a través das novas lentes do capitalismo inclusivo”, escribían fai dez anos os gurús neoliberais que chamaban ás grandes empresas a poñer os seus ollos no inmenso mercado que forman as dúas terceiras partes da humanidade que están fóra da sociedade de consumo. “As compañías cos recursos e a persistencia para competir na base da pirámide económica mundial terán como recompensa crecemento, beneficios e unha incalculable contribución á humanidade”, dicían entón. Hoxe, as corporacións transnacionais asumiron plenamente esta doutrina empresarial e puxeron en marcha unha variada gama de estratexias, actividades e técnicas que teñen como obxectivo que as persoas pobres que habitan nos países do Sur global incorpórense ao mercado mediante o consumo dos bens, servizos e produtos de consumo que fornecen estas mesmas empresas. “Responsabilidade social”, *negocios inclusivos* “na base da pirámide”, “inclusión financeira”, “alfabetización tecnolóxica” e, en definitiva, todas aquelas vías para lograr o acceso a novos nichos de mercado preséntanse coa xustificación de que van contribuír ao “desenvolvemento” e a “inclusión” das persoas pobres. Pero, como recalcou Evo Morales no último Cume Unión

Europea-CELAC, “cando nos sometemos ao mercado hai problemas de pobreza; problemas económicos e sociais, e a pobreza segue crecendo”.

Ao mesmo tempo, nos países centrais tamén están aumentando os niveis de pobreza e desigualdade. E lonxe de empregar os recursos públicos en políticas económicas e sociais que puidesen poñer freo a esa situación, os nosos gobernantes non se saíron da ortodoxia neoliberal e emprenderon toda unha serie de contrarreformas que o único que van conseguir, á fin e ao cabo, é aumentar o empobrecemento de amplas capas da poboación. “Non é unha crise, é unha estafa”, berran os manifestantes que protestan pola privatización da sanidade, a educación e a auga. E é que, efectivamente, non hai outro nome mellor para explicar o feito de que os grandes capitais privados estean saíndo reforzados da crise mentres, pola contra, a maioría de homes e mulleres van perdendo emprego, vivenda, pensións e os dereitos sociais conquistados no último século. Nese sentido, a cooperación ao desenvolvemento está tendo o mesmo destino que todos os demais servizos públicos: a privatización e a mercantilización, con graves prexuízos para quen deberan ser os seus teóricos beneficiarios.

Como política pública de solidariedade internacional, a cooperación internacional para o desenvolvemento aparece practicamente como unha causa perdida. O goberno español fixo unha aposta decidida polo que podería denominarse “coherencia de políticas para o crecemento económico”: fomento da *marca España*, apoio á internacionalización das empresas españolas e “diplomacia económica”. En palabras do ministro García-Margallo, “os intereses de España no exterior

son en gran medida intereses económicos e teñen ás empresas como protagonistas”. A cooperación, neste contexto, xa non xoga tanto o papel de lexitimación da política exterior do país donante como o viña facendo ata hai pouco: a súa principal función, nestes momentos, é contribuír a asegurar e ampliar a expansión dos negocios das grandes corporacións por todo o planeta. Por iso, a única forma de non perder ese sentido solidario que presidiu as actividades de moitas organizacións de cooperación internacional nas dúas últimas décadas é traballar, aquí e agora, na construción dunha axenda alternativa de desenvolvemento na que a cooperación solidaria enténdase como unha relación social e política igualitaria, articulada coas loitas e os movementos sociais emancipadores.

Estas ideas están amplamente desenvolvidas en: Miguel Romero y Pedro Ramiro, *Pobreza 2.0. Empresas, estados y ONGD ante la privatización de la cooperación al desarrollo*, Icaria, Barcelona, 2012.

4.4 O futuro enerxético do planeta

Xoan Doldán

Nos últimos dous séculos, nunca o futuro enerxético foi tan incerto como agora. O modelo enerxético nacido co auxe do capitalismo está chegando ao seu fin. Caracterízase, entre outras cousas, por un predominio absoluto das enerxías fósiles –aproximadamente un 80% da enerxía primaria mundial-, con reservas limitadas. Primeiro o carbón e despois o petróleo, constituíron a base dunha revolución enerxética á que posteriormente se unirá o gas natural, mais que chega renqueante aos nosos días.

O *peak oil* ou teito do petróleo e o cambio climático son dúas manifestacións dos límites do sistema enerxético actual; ambas deberían ser motivo suficiente para actuar con decisión nun tránsito ordenado a un modelo radicalmente diferente. Despois de moitas negacións e escepticismo, hoxe é admitida a existencia dun máximo na capacidade de extracción de petróleo, mesmo pola Axencia Internacional da Enerxía (AIE) –organización creada pola OCDE- que reconece, por primeira vez, no seu informe de 2010 que o teito do petróleo se tería acadado no ano 2006. Isto significa que, independentemente do esforzo que se faga e da demanda existente, a cantidade de petróleo no mercado non vai aumentar. Estamos, polo tanto, no fin do petróleo abundante e barato, e isto, non debemos esquecerlo, supón que o combustíbel que move o motor do crecemento económico e da globalización é máis escaso e máis caro. Malia este recoñecemento, a AIE supón que o problema pode resolverse parcialmente co que se denomina petróleo non convencional, é dicir, petróleo que non se atopa nos tradicionais xacementos senón nas áreas bituminosas, para o que se utiliza a técnica de *fracking* ou fraccionamento hidráulico, altamente agresiva ambientalmente. Trátase dunha fuxida cara adiante que retrata perfectamente como o capitalismo se enfrenta a unha crise enerxética sistémica. Os novos xacementos de petróleo convencional cada vez teñen menores dimensións, atópanse a maiores profundidades e en lugares de máis difícil acceso, como o mar, e conteñen petróleo de menor contido calorífico e con unha necesidade de refinamento maior; co *fracking* a todo isto habería que engadir o elevado uso de auga e os custes ambientais asociados. Isto implica que a taxa de

retorno enerxético, é dicir a enerxía neta da que dispoñemos unha vez que descontamos a enerxía investida en todo o proceso, vai caer alarmantemente, facendo máis complicada a transición a outro modelo enerxético que, ao demorar a saída do actual, ameaza con ter un carácter caótico. Por se isto non fose suficiente, como di a AIE, a enerxía é un recurso cada vez máis sedento, xa que se prevé que as necesidades de auga para obter enerxía crezan o duplo de rápido que a demanda de enerxía, sendo o *fracking* parte importante desta situación, provocando que a escaseza de auga acelere a escaseza de enerxía e, por outra parte, a obtención de enerxía acelera a escaseza de auga potábel.

Por outra parte, a combustión do petróleo –ou en maior medida do carbón- son a causa principal da emisión de gases de efecto invernadoiro que ameazan con provocar un cambio climático de consecuencias dramáticas, e da chuvia ácida, xa que a natureza non conta cos mecanismos que permitan, no curto prazo, incorporar aos ciclos da vida este volume de residuos.

Á hora de mudar esta situación, respostas posíbeis serían procurar novas fontes de enerxía -de habelas e controlar unha demanda que ten crecido exponencialmente grazas á dispoñibilidade temporal desa enerxía abundante e barata que agora acada os seus límites.

O *World Energy Outlook 2012*, da AIE formula unha serie de hipóteses sobre o futuro enerxético que pouco teñen que ver cunha mudanza como a que vimos de indicar. Segundo este informe, semella que os países da OCDE terían abandonado toda esperanza de evitar o cambio climático, aceptando que a temperatura media do planeta se eleve por

riba dos 3°C, o que moitos científicos consideran unha situación de irreversibilidade. Isto é tanto como afirmar que non se prevé cambiar o actual modelo enerxético e que, pola contra, se vai tentar alongalo até as súas últimas –e fatais- consecuencias. Para evitar esta situación, afirma a AIE, de aquí a 2050 non se deberían consumir máis dun terzo das reservas probadas de combustíbeis fósiles, xa que as infraestruturas enerxéticas existentes teñen comprometidas xa o 80% das emisións de gases de efecto invernadoiro que, como máximo, se deberían xerar de aquí a 2035. As medidas de eficiencia enerxética en múltiples países maniféstanse insuficientes e o 80% do potencial de mellora enerxética de edificios e máis da metade da industria seguen sen explotar. Ademais, o paradoxo de Jevons ou efecto rebote dinos que, en múltiples ocasións, os progresos en eficiencia enerxética se traducen en aumentos do consumo total; redúcese a demanda unitaria, por unidade de produto, reducindo a un tempo o custe unitario e, en consecuencia, aumenta a demanda global.

Se atendemos aos esforzos que se están a facer en enerxías renovábeis, vemos que estas continúan sendo menos do 15% da oferta enerxética mundial e, ao non ter a versatilidade dos combustíbeis fósiles, apenas aportan nada á demanda enerxética para transporte. Moitos países europeos, incluído o noso, conseguiron ter, non sen dificultades ou sen tempo, a capacidade de xerar unha considerábel porción da produción. Non obstante, só unha parte insignificante dos combustíbeis líquidos para transporte procede das renovábeis, concretamente da biomasa, que é utilizada, en parte, para producir bioetanol ou biodiésel e que se comercializa mesturado con

derivados do petróleo. Dar o salto para conseguir unha presenza destacada obrigaría a mobilizar a maior parte das terras cultivábeis do mundo ou a unha deforestación masiva. Mentres o incremento de consumo petróleo en países como China, India, Oriente Medio e outros emerxentes compensa a redución dalgúns países da OCDE e incrementa o consumo mundial; a maior parte vai destinado ao transporte. A AIE agarda que a demanda de petróleo poida aumentar cerca do 40% de 2011 a 2035, provocando unha espectacular subida dos prezos. Máis da metade do petróleo é destinado ao transporte e esa proporción irá en aumento, duplicándose o número de automóviles –até os 1700 millóns– e o transporte por estrada, con un aumento superior no caso dos vehículos pesados e o consumo de diésel. Esta demanda enerxética e de transporte non é posible atendela con electricidade e, polo tanto, con enerxías renovábeis xa que isto significaría substituír o parque automobilístico por outro adaptado e, o que resulta aínda máis complexo, construír toda a infraestrutura de centros de xeración, transporte e distribución de electricidade que multiplicaría varias veces a hoxe existente. Velaí o fracaso da publicitada *alternativa* do automóbil eléctrico.

A ameaza enerxética sobre o crecemento económico, leva a que países como China ou India aposten polo carbón ou a enerxía nuclear, o que non sucede, en cambio, en moitos outros lugares. As incertezas que se manteñen sobre as técnicas de captura de CO₂, sobre todo no seu almacenamento ou na repercusión sobre os custes de producir electricidade, fan que o carbón sexa unha opción á baixa en moitos países. O mesmo sucede coa falsa alternativa nuclear, sentenciada despois

de que Fukushima tirara as máscaras aos que afirmaban que os problemas de seguridade eran cousa do pasado ou que era unha enerxía limpa. Virados cara o *fracking*, este tampouco será a bonanza que algúns auguran. De acordo cos datos da AIE, o *fracking* só permitiría paliar a caída do petróleo convencional até 2025, para logo tamén descender.

Neste convulso futuro enerxético, Arabia Saudita, o maior produtor mundial na actualidade, deixará a súa posición de liderado en menos dunha década, ao tempo que Iraq tería unha importancia crecente se resolve os seus problemas de subministro eléctrico. De non ser así, os prezos do petróleo poderían dispararse.

4.5 Os islamismos fronte á democracia

Roberto Mansilla Blanco

Unha visión sucinta dos efectos políticos derivados da Primavera árabe determina que, case sen lugar a dúbidas, os partidos islamitas con ampla representación e popularidade, principalmente en Exipto e Tunisia, eríxense como os actores preponderantes deste inédito proceso de cambios.

Este panorama non resulta sorprendente nin tampouco debería ser inquietante, principalmente para Occidente. O islamismo político no mundo árabe ofrece diversos matices e pluralismos, aínda que historicamente condicionados por acontecementos basicamente antagónicos, como foron a creación de movementos como a Irmandade Musulmá (en Exipto en 1928) así como o triunfo da Revolución islámica en Irán a partir de 1979. Ambos casos configuraron as súas respecti-

vas esferas de influencia, ás veces confluentes, dentro do mundo árabe, en especial en contextos conflictivos como o Líbano (partido Hizbulá) e Palestina (movemento Hamas), con repercusións en ámbitos periféricos (Siria, Xordania, Israel).

Sen menoscarbar os factores especificamente internos de cada sociedade árabe, a Irmandade Musulmá e a Revolución iraniana exercen de referencias políticas fundamentais para entender a diversidade de pluralismos e matices existentes dentro do islamismo político. Por citar un exemplo: o islamismo turco, politicamente englobado no gobernante partido AKP no poder desde 2002, adoptou historicamente como referencia a Irmandade Musulmá exipcia, aderezada con elementos propios da sociedade turca (islamismo “laico”) e doutros de recente creación (Movemento Fetullah Güllen).

Paralelamente, os islamismos políticos árabes constituíronse nos mais eficaces e populares movementos opositores contra as autocracias árabes amparadas por Occidente (Mubarak en Exipto, Ben Alí en Tunisia, as “petromonarquías” do Golfo Pérsico). Noutros casos, incluso cun maior radicalismo, eríxense como os principais rivais en réximes considerados como “inimigos” para Occidente (Gadafi en Libia, Al Asad en Siria).

Como elementos contestatarios contra estas autocracias, os movementos islamitas lograron alcanzar notables cotas de popularidade, en particular derivados da acción social e de beneficencia das súas confrarías, un aspecto que lles conferiu notable simpatía e lexitimidade popular por constituír auténticos impulsores de cambios democráticos. Velaí a razón última da aberta represión e persecución levada a cabo polas autocracias

árabes, co total aval de EUA e Europa, contra estes movementos islamitas.

No contexto da Primavera árabe iniciada en 2011, que perspectiva ofrecen os movementos islamitas, algúns deles no poder a través de eleccións democráticas, especialmente de cara á conciliación de elementos aparentemente antagónicos como o Islam, o laicismo e a democracia? O momento actual determina moitas destas variables e desafíos.

Precisamente, a certificación dunha especie de “segunda fase” deste proceso de cambios clarexa un novo pulso de poder en diversos ámbitos: a necesidade dos partidos islamitas de consolidarse no poder (Exipto e Tunisia) e, noutros casos, de alcanzalo (Marrocos, Alxeria, Xordania, Golfo Pérsico); a lexítima presión por parte dos partidos e movementos laicos que ansían igualmente alcanzar o poder; a inevitable reacción das elites herdeiras das autocracias, amparadas en resortes de poder burocráticos e militares (Exipto); e, finalmente, o impulso que poidan ter diversos grupos islamitas radicais en contextos fraguados pola violencia (Libia, Siria), e que poden evidenciar situacións de inestabilidade ou, incluso, de desintegración estatal.

Sendo Tunisia, un país considerado como periférico dentro do mundo árabe, o berce da Primavera de 2011, a súa transición post-Ben Alí servirá como referencia para clarexar o futuro islamismo político e dos movementos democráticos no mundo árabe. Un caso moito mais complexo é o exipcio, cun inquietante pulso entre o presidente islamita Mohammed Morsi, os partidos laicos que contribuíron á caída de Mubarak e a expectante mirada do poderoso estamento militar e elementos do *Ancien régime*, que poden contribuír a unha

inestabilidade que modificaría substancialmente o mapa xeopolítico rexional.

Está por ver se o islamismo político e outras forzas laicas e progresistas terán capacidade de mobilización noutros contextos onde a Primavera árabe semella mais ben “domesticada” polas elites do poder (Marrocos, Golfo Pérsico, Alxeria, Xordania). Con todo, a inesperada Primavera árabe dirime mais ben un pulso hexemónico entre islamitas e laicos confrontado á necesidade de erixirse como os auténticos actores do cambio político no mundo árabe, sexa baixo a égida do Islam, da democracia participativa ou dunha saudable (e non menos incerta) conxunción entre ambos.

Os Autores



Luciano Concheiro

é profesor investigador na Universidade Autónoma Metropolitana – Xochimilco (UAM-X), México.



Xoán R. Doldán

é profesor titular de Economía Aplicada da Universidade de Santiago.



Ánxelo Gonzalves Vicente

é licenciado en Ciencia Política pola USC e colaborador do IGADI.



Xabier Macías

é Director da Fundación Galiza Sempre e Presidente do Centre Maurits Coppieters.



Roberto Mansilla Blanco

é analista do IGADI .



Roberto Montoya

é xornalista especializado na información internacional, autor, entre outros libros, de “*El Imperio Global*” (2003) ou “*La Impunidad Imperial*” (2005). É colaborador do IGADI.




Masashi Oki

é licenciado en Ciencia Política e colaborador do IGADI.



Pedro Ramiro

é investigador do Observatorio de Multinacionales en América Latina (OMAL).



Marcelo Javier de los Reyes

é Licenciado en Historia, graduado na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Bos Aires (UBA). Presidente do Centro de Estudios Internacionais para o Desenvolvemento (CEID) .



Ríos, Xulio

é director do IGADI.



María Àngela Tous Sansó

é Licenciada en Xornalismo pola Universitat Autònoma de Barcelona (2005-2009), con Máster en Relacións Internacionais no Institut Barcelona d'Estudis Internacionals, IBEI (2010).

IGADI ANNUAL REPORT 2012-2013

Un mundo varado na crise

www.igadi.org

INSTITUTO
GALEGO
DE ANÁLISE
E DOCUMENTACIÓN
INTERNACIONAL



En Galicia
temos
opinión
do Mundo

